



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 130
28 de abril de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

I 14572 (11/PNC-001489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación cos bens mobles do pazo de Meirás

[51783](#)

I 14644 (11/PNC-001499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa repercusión do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética no sector galego mar-industria alimentaria

[51789](#)

I 14660 (11/PNC-001502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública

[51793](#)

I 14744 (11/PNC-001517)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei de medidas urxentes para a consolidación dos funcionarios interinos da Administración local con habilitación nacional

[51797](#)

I 14792 (11/PNC-001524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas negociacións referidas ás alternativas existentes para a saída de Ence de Lourizán, na ría de Pontevedra, así como o deseño dunha nova política forestal

[51801](#)

I 14842 (11/PNC-001527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas resolucións de renovación e de modificación da autorización ambiental integrada outorgada á empresa Auxiliar Conserva, S.A. para unha planta de elaboración de fariñas e aceites de pescado no concello de Redondela

[51805](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 14357 (11/PNC-001464)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as reivindicacións que debe trasladar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa desigualdade que padecen as mulleres nos programas de desenvolvemento rural e plans estratéxicos da política agraria común

[51810](#)

I 14363 (11/PNC-001465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria para os anos 2020 e 2021

[51814](#)

I 14375 (11/PNC-001467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego ante o Goberno central da solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro, no concello de Viveiro, para a súa rehabilitación e posterior traslado alí da escola oficial de idiomas Luz Pozo Garza

[51818](#)

I 14383 (11/PNC-001468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa difusión en páxinas web pornográficas das imaxes das mulleres gravadas en San Cibrao durante a Maruxaina 2019

[51822](#)

I 14393 (11/PNC-001469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a creación polo Goberno galego dun plan integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira

[51826](#)

I 14399 (11/PNC-001470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da pandemia da covid-19 en materia tributaria

[51833](#)

I 14443 (11/PNC-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Unión Europea, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa Reserva de Axuste Brexit destinada ao sector pesqueiro

[51837](#)**I 14455 (11/PNC-001473)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación demográfica que está a padecer Galicia e os fondos europeos de recuperación

[51842](#)**I 14464 (11/PNC-001474)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do trazado previsto para a nova liña de alta tensión na zona sur do concello de Arteixo

[51847](#)**I 14471 (11/PNC-001475)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos conflitos existentes entre bateiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón

[51850](#)**I 14477 (11/PNC-001476)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da gratuidade do aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para as persoas que acudan a vacinarse, así como para todas as persoas usuarias do centro

[51852](#)**I 14483 (11/PNC-001477)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e a execución dun plan multianual para recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros da ría de Arousa

[51855](#)**I 14489 (11/PNC-001478)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a dispoñibilidade de tratamentos específicos para pacientes que precisen un seguimento continuado e con periodicidade moi concreta

[51857](#)**I 14497 (11/PNC-001479)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a xestión do Servizo Público de Emprego

[51859](#)**I 14510 (11/PNC-001480)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a achega polo Goberno galego aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020, así como do informe referido ao peche do exercicio orzamentario e do informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio de 2020

[51863](#)**I 14514 (11/PNC-001481)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proporción de persoas maiores con demencia que hai nos centros residenciais e a axeitada supervisión dos dependentes da Consellería de Política Social

[51865](#)**I 14522 (11/PNC-001482)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación do Xulgado do Mercantil nº 3 da Coruña e de senllas prazas de maxistrado nas seccións civís das audiencias provinciais de Lugo e de Ourense

[51867](#)**I 14523 (11/PNC-001483)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da crise sanitaria xerada pola covid-19 no ámbito da Administración de xustiza

[51870](#)**I 14527 (11/PNC-001484)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da demanda do Goberno galego ao Goberno central da representación da Administración pública galega na Comisión nacional para a conmemoración do 50º aniversario do pasamento de Pablo Picaso

[51874](#)**I 14547 (11/PNC-001485)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas para o ano 2021 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos, así como as realizadas para eses fins nos últimos cinco anos

[51877](#)

I 14553 (11/PNC-001486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o programa 451B, Acceso á vivenda durante o ano 2020

[51879](#)

I 14557 (11/PNC-001487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a cobertura polo Goberno galego dos servizos de pediatría e de fisioterapia no Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense

[51882](#)

I 14565 - 14846 (11/PNC-001488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para garantir o acceso da cidadanía aos servizos financeiros básicos

[51885](#)

I 14585 (11/PNC-001490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

[51889](#)

I 14589 (11/PNC-001491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na inclusión das persoas aseguradas mediante mutuas privadas no plan de vacinación contra a covid-19

[51892](#)

I 14608 (11/PNC-001493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proceso participativo para a formulación polos distintos axentes do ámbito cultural de Galicia dunha proposta de usos e dinamización da Cidade da Cultura

[51894](#)

I 14611 (11/PNC-001494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate para o sector cultural da cidade de Ourense

[51896](#)

I 14614 (11/PNC-001495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, os riscos laborais e as retribucións das traballadoras do ámbito sanitario durante o período de lactación

[51898](#)**I 14623 (11/PNC-001496)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio dos terreos de Ence e Elnosa en Lourizán (Pontevedra)

[51901](#)**I 14630 (11/PNC-001497)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co peche das fronteiras entre España e Portugal e o impacto da covid-19 na actividade económica e mobilidade do territorio transfronteirizo

[51905](#)**I 14638 (11/PNC-001498)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias e carencias existentes nas instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

[51910](#)**I 14649 (11/PNC-001500)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento dos servizos sanitarios do Centro de Saúde de Castrelo do Val

[51912](#)**I 14655 (11/PNC-001501)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de reducir as camas de hospitalización no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense con motivo das obras de ampliación da UCI

[51915](#)**I 14663 (11/PNC-001503)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico do peche da fronteira entre Galicia e Portugal, en particular na zona de Ourense e da fronteira Chaves-Verín

[51919](#)**I 14678 (11/PNC-001505)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre a vacinación contra a covid-19 ao colectivo de traballadores do mar

[51923](#)

I 14680 (11/PNC-001506)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego do Plan de dinamización da lectura

[51927](#)**I 14687 (11/PNC-001507)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos fixados para os establecementos de hostalaría con licenza municipal de restaurante nas medidas de prevención da covid-19 establecidas na Orde do 14 de abril de 2021

[51930](#)**I 14693 (11/PNC-001508)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos obxectivos sindicais na negociación do convenio colectivo da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

[51933](#)**I 14700 (11/PNC-001509)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

[51937](#)**I 14703 (11/PNC-001510)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**Sobre o arranxo polo Goberno galego dos problemas que está a ocasionar nos centros de saúde a tramitación das solicitudes do Bono turístico *Quedamos en Galicia* a través da Chave365[51941](#)**I 14704 (11/PNC-001511)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**Sobre o arranxo polo Goberno galego dos problemas que está a ocasionar nos centros de saúde a tramitación das solicitudes do Bono turístico *Quedamos en Galicia* a través da Chave365[51944](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de abril de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 14572 (11/PNC-001489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación cos bens mobles do pazo de Meirás.

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14644 (11/PNC-001499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa repercusión do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética no sector galego mar-industria alimentaria.

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14660 (11/PNC-001502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública.

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14744 (11/PNC-001517)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de lei de medidas urxentes para a consolidación dos funcionarios interinos da Administración local con habilitación nacional.

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14792 (11/PNC-001524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas negociacións referidas ás alternativas existentes para a saída de Ence de Lourizán, na ría de Pontevedra, así como o deseño dunha nova política forestal.

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 14842 (11/PNC-001527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas resolucións de renovación e de modificación da autorización ambiental integrada outorgada á empresa Auxiliar Conservera, S.A. para unha planta de elaboración de fariñas e aceites de pescado no concello de Redondela. Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 14357 (11/PNC-001464)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as reivindicacións que debe trasladar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa desigualdade que padecen as mulleres nos programas de desenvolvemento rural e plans estratéxicos da política agraria común
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14363 (11/PNC-001465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria para os anos 2020 e 2021
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 14375 (11/PNC-001467)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre a reiteración polo Goberno galego ante o Goberno central da solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro, no concello de Viveiro, para a súa rehabilitación e posterior traslado alí da escola oficial de idiomas Luz Pozo Garza
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14383 (11/PNC-001468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa difusión en páxinas web pornográficas das imaxes das mulleres gravadas en San Cibrao durante a Maruxaina 2019
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14393 (11/PNC-001469)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a creación polo Goberno galego dun plan integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 14399 (11/PNC-001470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da pandemia da covid-19 en materia tributaria

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14443 (11/PNC-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Unión Europea, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa Reserva de Axuste Brexit destinada ao sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14455 (11/PNC-001473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación demográfica que está a padecer Galicia e os fondos europeos de recuperación

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14464 (11/PNC-001474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do trazado previsto para a nova liña de alta tensión na zona sur do concello de Arteixo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14471 (11/PNC-001475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos conflitos existentes entre bateiros e percebeiros por mor da extracción da semente do mexillón

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14477 (11/PNC-001476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da gratuidade do aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para as persoas que acudan a vacinarse, así como para todas as persoas usuarias do centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14483 (11/PNC-001477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e a execución dun plan multianual para recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14489 (11/PNC-001478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a dispoñibilidade de tratamentos específicos para pacientes que precisen un seguimento continuado e con periodicidade moi concreta

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14497 (11/PNC-001479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a xestión do Servizo Público de Emprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14510 (11/PNC-001480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a achega polo Goberno galego aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020, así como do informe referido ao peche do exercicio orzamentario e do informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio de 2020

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14514 (11/PNC-001481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proporción de persoas maiores con demencia que hai nos centros residenciais e a axeitada supervisión dos dependentes da Consellería de Política Social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14522 (11/PNC-001482)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación do Xulgado do Mercantil nº 3 da Coruña e de senllas prazas de maxistrado nas seccións civís das audiencias provinciais de Lugo e de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14523 (11/PNC-001483)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co impacto da crise sanitaria xerada pola covid-19 no ámbito da Administración de xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14527 (11/PNC-001484)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da demanda do Goberno galego ao Goberno central da representación da Administración pública galega na Comisión nacional para a conmemoración do 50º aniversario do pasamento de Pablo Picaso

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14547 (11/PNC-001485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas para o ano 2021 para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos, así como as realizadas para eses fins nos últimos cinco anos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14553 (11/PNC-001486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe en relación co baixo nivel de execución orzamentaria que presenta o programa 451B, Acceso á vivenda durante o ano 2020

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14557 (11/PNC-001487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a cobertura polo Goberno galego dos servizos de pediatría e de fisioterapia no Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14565 - 14846 (11/PNC-001488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para garantir o acceso da cidadanía aos servizos financeiros básicos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 14846.



- 14585 (11/PNC-001490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14589 (11/PNC-001491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na inclusión das persoas aseguradas mediante mutuas privadas no plan de vacinación contra a covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14608 (11/PNC-001493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impulso por parte do Goberno galego dun proceso participativo para a formulación polos distintos axentes do ámbito cultural de Galicia dunha proposta de usos e dinamización da Cidade da Cultura

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14611 (11/PNC-001494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 4 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate para o sector cultural da cidade de Ourense

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 14614 (11/PNC-001495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, os riscos laborais e as retribucións das traballadoras do ámbito sanitario durante o período de lactación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14623 (11/PNC-001496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio dos terreos de Ence e Elnosa en Lourizán (Pontevedra)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 14630 (11/PNC-001497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co peche das fronteiras entre España e Portugal e o impacto da covid-19 na actividade económica e mobilidade do territorio transfronteirizo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14638 (11/PNC-001498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias e carencias existentes nas instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 14649 (11/PNC-001500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o mantemento dos servizos sanitarios do Centro de Saúde de Castrelo do Val

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14655 (11/PNC-001501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de reducir as camas de hospitalización no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense con motivo das obras de ampliación da UCI

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14663 (11/PNC-001503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto económico do peche da fronteira entre Galicia e Portugal, en particular na zona de Ourense e da fronteira Chaves-Verín

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 14678 (11/PNC-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, María do Carme

Sobre a vacinación contra a covid-19 ao colectivo de traballadores do mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 14680 (11/PNC-001506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego do Plan de dinamización da lectura

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 14687 (11/PNC-001507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos fixados para os establecementos de hostalaría con licenza municipal de restaurante nas medidas de prevención da covid-19 establecidas na Orde do 14 de abril de 2021

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14693 (11/PNC-001508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos obxectivos sindicais na negociación do convenio colectivo da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14700 (11/PNC-001509)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co deseño e presentación oficial do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 14703 (11/PNC-001510)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego dos problemas que está a ocasionar nos centros de saúde a tramitación das solicitudes do Bono turístico *Quedamos en Galicia* a través da Chave365

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 14704 (11/PNC-001511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego dos problemas que está a ocasionar nos centros de saúde a tramitación das solicitudes do Bono turístico *Quedamos en Galicia* a través da Chave365

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante dos últimos acontecementos sobre o Pazo de Meirás, e nomeadamente das consecuencias do recente auto da Audiencia Provincial da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente auto da Audiencia Provincial da Coruña que estima o recurso da familia Franco, deixa sen efecto as medidas cautelares dos autos do 4 de decembro e do 9 de novembro, e condena ao Estado a indemnizar aos Franco polos danos e perxuizos é un capítulo máis dunha serie de actos xudiciais que poñen de relevo as dificultades de todo tipo que se producen na vía xudicial para facer auténtica xustiza. Polo demais, o auto contén valoracións e expresións que son incompatíbeis coa sensibilidade democrática e co respecto á dignidade das vítimas do franquismo. Falar de “incautación de bens” por parte das institucións democráticas tendo en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conta a historia que ten o Pazo de Meirás constitúe unha auténtica provocación e un insulto á memoria da vítimas.

A sociedade e as institucións galegas non poden permanecer impasíbeis diante dunha nova afrenta e dun indubidábel paso atrás no camiño da recuperación plena de Meirás. A este respecto, hai que ter en conta que cando se comezou fai máis de 15 anos o proceso de loita pola devolución non se fixo principalmente por recuperar un edificio senón que se trataba dunha batalla por restituír a verdade, por facer xustiza e por reparar a memoria das persoas que sufriron o terror de Estado que amparou o espolio franquista. Trátase pois dunha batalla simbólica e dunha loita pola dignidade colectiva, que só se resolverá definitivamente cando se recuperen todos os bens espoliados, cando se expulse definitivamente o franquismo de Meirás e de Galiza, cando desaparezan os títulos nobiliarios e os honores para os verdugos, e cando se faga unha verdadeira reparación, simbólica e material, das persoas que sufriron o terror e o espolio. É unha tarefa inxente a que está pendente, que só se poderá encarar con garantías cando as institucións galegas, nomeadamente a Xunta, desenvolvan unha auténtica política pública de memoria histórica democrática antifascista galega.

Con respecto ao recente auto, as administracións públicas non poden compartir o seu contido e deben utilizar todos os instrumentos democráticos para defender os intereses públicos. Ademais do estudo da interposición dos conseguíntes recursos na vía xudicial, existen mecanismos para facer valer o carácter de Meirás como Ben de Interese Cultural, na categoría de sitio histórico, e para defender a unidade e integridade do conxunto formado polos edificios e polos elementos que forman parte del, imprescindíbeis para contar a historia do lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, ao abeiro da sentenza do xulgado de primeira instancia e das medidas cautelares adoptadas no auto do 9 de novembro realizouse un inventario de bens mobles no que figuran obxectos das coleccións reais do patrimonio nacional, obras artísticas, bibliotecas, obxectos de valor histórico-artístico como cruceiros, escudos, pezas arqueolóxicas, as pías bautismais de Moraime e mesmo as estatuas de Abraham e Isacc, atribuídas ao obradoiro do Mestre Mateo, que foron declaradas BIC e que son obxecto tamén dun proceso de reclamación polo concello de Santiago.

O Decreto 299/2008 polo que se declara BIC, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás sinala o seguinte: “faise necesario reconsiderar a categoría de declaración como ben de interese cultural inicialmente prevista -a de monumento-, e proceder a declarar as Torres de Meirás como ben de interese cultural coa categoría de sitio histórico. A cal engloba todos os valores de distinta índole que favorecen a súa declaración”.

Tanto o artigo 19 da daquela vixente lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia como o artigo 22 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, actualmente en vigor, establecen que a declaración de interese cultural de bens inmobles incluírá a identificación e descrición das partes integrantes e os bens mobles que, pola súa vinculación co inmovible, se incorporen á declaración.

Do anterior dérivase que a administración galega ten instrumentos para garantir a unidade e a integridade dos “valores de distinta índole” que xustificaron no seu día a declaración BIC, e que son imprescindíbeis para explicar e interpretar a historia do sitio histórico. Asemade, e tendo en conta as circunstancias extraordinarias nas que se tramitou a declaración BIC de 2008 e as informacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moito máis completas relacionadas co inventario realizado por mandato xudicial, debería incoar un expediente de ampliación do BIC, incluíndo os bens mobles, ou un novo expediente urxente de declaración BIC de todos aqueles bens que se considere que son imprescindíbeis para contar a súa historia. Todo isto á marxe das medidas cautelares que se poidan adoptar para protexer todos os bens de titularidade pública, de dominio público ou que puideron ser trasladados a Meirás como consecuencia do espolio sistemático perpetrado polo Ditador.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Demandar da administración xeral do Estado que se interpoñan as accións xudiciais pertinentes para defender a titularidade pública dos bens mobles que deben parte do BIC, que son necesarios para explicar a súa historia, que son parte integrante e inseparábel do conxunto, e que son de titularidade ou de dominio público.
2. Actuar como parte coadxuvante nos procedementos xudiciais que se interpoñan pola administración xeral do Estado.
3. Adoptar todas as medidas previstas na lexislación, incluíndo medidas cautelares e urxentes, para garantir a unidade e integridade dos bens mobles que forman parte do BIC Torres de Meirás e para impedir un novo saqueo de bens que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

foron resultado do espolio franquista. E, neste sentido, advertir á familia Franco da imposibilidade de sacar de Meirás todos aqueles bens que non sexan os obxectos e utensilios de uso estritamente persoal e privado.

4. Incoar de maneira urxente o procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmovible forman parte inseparábel del, e aplicación provisional a estes bens mobles do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2021 13:31:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/04/2021 13:31:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 21/04/2021 13:31:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento galego se posicione sobre as implicacións do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética no sector mar-industria alimentar, actualmente en tramitación nas Cortes Xerais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o inicio da súa tramitación o Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética causou unha fonda preocupación no tecido mar-industria alimentar do noso país, un sector que é fundamental en Galiza e que representa, en xeral, unha actividade sostíbel e respectuosa co medio ambiente.

O reflexo desa preocupación do sector polo establecido no Proxecto de lei foron os distintos debates que se deron no propio Parlamento galego e que, cando menos en dúas ocasións, acadaron acordo no sentido de buscar o diálogo co propio tecido mar industria alimentar e de promover a supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recente aprobación polo Congreso dos deputados da mencionada norma aumentou o desacougo de todo un sector, malia que os distintos representantes políticos coincidimos en que as leis deben dar a máxima seguridade xurídica e non, pola contra, crear confusión ou obviar a realidade social, económica e ambiental dos distintos territorios.

O recollido no artigo 18 do Proxecto de lei provoca unha grande discrepancia entre a visión da cadea mar industria alimentar de Galiza e a do propio Ministerio sobre a alteración da vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar e isto foi tamén o punto principal dos debates parlamentarios sen que, ata o de agora, se puidese chegar a acordos.

É evidente que a defensa da protección do litoral e o empeño por evitar que actividades contaminantes ou agresivas permanezan nel é unha tarefa principal, mais a introdución do artigo 18 no Proxecto de lei crea unha situación que pon en risco a todo un sector vinculado á pesca e ao marisqueo que non ten unha afección importante ao medio ambiente e que incluso o seu traslado a zonas alonxadas da costa suporía un impacto ambiental e económico moi superior ao que teñen nas súas ubicacións actuais.

O peso estratéxico desas industrias para a economía galega, tanto en número de empregos como en importancia socioeconómica, require de certezas para potenciar o valor da cadea do sector marítimo alimentario, que dificilmente tería alternativa nas comarcas onde está asentada, e o lóxico sería establecer criterios claros e que a súa permanencia no dominio público se debatese dun xeito calmo e sensato e escoitando os seus argumentos.

Calquera modificación dese aspecto debería levarse a cabo a través da Lei de Costas, mais unha vez introducida no proxecto de lei de cambio climático cómpre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

buscar unha vía razoábel que permita discernir o que son as actividades respectuosas co medio, sostíbeis, daquelas que non deben estar no dominio público.

A aprobación da lei de cambio climático, e nomeadamente do seu artigo 18, pode cumprir o obxectivo de que a transición sexa realmente xusta se foxe da uniformización do litoral de todo o Estado español, se ten en conta a singularidade e a realidade da costa galega, se non parte de que calquera actividade que se realiza nela é nociva e se, polo tanto, entende que é un erro a confrontación directa cun sector fundamental que se asenta na nosa costa dende hai séculos.

Manter o previsto no proxecto de lei en relación coa ocupación do litoral por actividades agresivas co medio non é incompatible con preservar actividades sostíbeis e salvagardar a totalidade dos empregos e da riqueza que xeran no noso país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

- Manifestar a súa preocupación pola repercusión do proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética no sector mar-industria alimentaria galego, reclamando que se exclúan do establecido no seu artigo 18.4 os títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre vinculados ao desenvolvemento de actividades de acuicultura, depuración de marisco, conserveiras e calquera outra relacionada co sector que teña carácter sustentábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Manifestar a súa vontade de que todos os representantes políticos nas Cortes Xerais elixidos nas circunscricións galegas se comprometan a defender o sector na tramitación aínda pendente do Proxecto de lei consonte ao expresado.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2021 11:38:08

María do Carme González Iglesias na data 22/04/2021 11:38:16

Daniel Castro García na data 22/04/2021 11:38:23

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2021 11:38:33



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Marisol Díaz Mouteira**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione en relación a este tema de gran importancia para a nosa Comunidade.

Exposición de motivos

O pasado 13 de maio de 2020 o Goberno de España, a través da súa Vicepresidenta Primeira, recoñeceu no Senado a necesidade de abordar reformas lexislativas en materia sanitaria e facelo atopando acordos básicos entre todas as forzas políticas coa finalidade de “pertrechar” ás Administracións Públicas de instrumentos suficientes, á marxe do estado de alarma, para combater con eficacia a pandemia da Covid-19.

Ante a inacción dos poderes executivo e lexislativo, as Comunidades Autónomas procederon a desenvolver normas de distinto rango para poder xestionar a pandemia sanitaria con eficacia e có único obxectivo de preservar a saúde e a vida da cidadanía.

Deste xeito o Parlamento de Galicia aprobou a reforma da Lei de saúde de Galicia, a través da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Pese a que nin durante a tramitación da mencionada Lei 8/2021, nin despois da súa aprobación e publicación no Diario Oficial de Galicia, o Goberno central manifestou obxección algunha pola posible inconstitucionalidade deste texto; nin recorreu ós mecanismos de diálogo previstos na normativa vixente para evitar a conflitividade constitucional, o Goberno central procedeu a presentar un recurso de inconstitucionalidade con petición de suspensión da nova redacción do artigo 38. Todo



isto despois de que o Consejo de Estado manifestase que o contido da Lei era basicamente constitucional, se ben consideraba que a redacción dalgúns aspectos do artigo 38 xustificaban a presentación dun recurso de inconstitucionalidade, non tanto porque o propio Consejo de Estado a apreciase, senón coa finalidade de que o Tribunal Constitucional se pronunciase sobre a capacidade de desenvolvemento normativo das Comunidades Autónomas en relación ás leis orgánicas que regulan os dereitos fundamentais.

Adicionalmente o Consejo de Estado recomendaba ao Goberno que procedese á reforma da Lei Orgánica 3/1986, de medidas especiais en materia de saúde pública.

Tendo coñecemento da intención do Goberno central de presentar un recurso de inconstitucionalidade en relación á Lei 8/2021 de Galicia, e ademais solicitando a suspensión automática dalgún contido desta norma, o Goberno da Xunta solicitou a convocatoria dunha Comisión Bilateral coa finalidade de discutir e, no seu caso, concertar unha interpretación da norma naqueles aspectos nos que o Goberno de España entendese que a norma autonómica sobrepasase o marco constitucional. Pese a terse aceptado ese diálogo o Goberno central ten manifestado que dito diálogo non vai a conlevar nin a retirada do recurso nin o levantamento da suspensión solicitada.

Desta maneira Galicia verá substancialmente diminuída a súa capacidade de xestionar a pandemia unha vez que finalice o vixente Estado de Alarma o vindeiro 9 de maio, dado que o propio Goberno de España ten anunciado que non contempla prorrogalo.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que proceda a unha adecuación da lexislación orgánica en materia de saúde pública que lle aporte maior detalle e concreción, en orden a proporcionar ás autoridades sanitarias competentes o mellor marco xurídico posible para afrontar as situacións presentes e futuras de risco grave para a saúde pública, tal e como o propio Goberno se tiña comprometido a facer e como lle reclamaron tanto a Comisión para a Reconstrución Social e Económica creada no Congreso dos Deputados como o Consejo de Estado.
2. Que, namentres non conclúa ese comprometido proceso de actualización e desenvolvemento da lexislación orgánica en materia de saúde pública, desista de solicitar a suspensión da normativa legal aprobada polos distintos órganos lexislativos autonómicos para facer fronte, de acordo cos principios constitucionais de eficacia administrativa e seguridade xurídica, ás necesidades



ás que se enfrontan as autoridades sanitarias competentes e para as que a actual lexislación orgánica resulta insuficiente.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/04/2021 12:56:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/04/2021 12:57:06

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/04/2021 12:57:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 22/04/2021 12:58:04

Noelia Pérez López na data 22/04/2021 12:58:15

María Corina Porro Martínez na data 22/04/2021 12:58:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/04/2021 12:58:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/04/2021 12:59:12

Paula Prado del Río na data 22/04/2021 12:59:27

María Elena Candia López na data 22/04/2021 12:59:47

Raquel Arias Rodríguez na data 22/04/2021 13:00:02

Diego Calvo Pouso na data 22/04/2021 13:00:20

Teresa Egerique Mosquera na data 22/04/2021 13:00:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/04/2021 13:00:52

María Sol Díaz Mouteira na data 22/04/2021 13:01:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Elena Candia López, Ruben Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, José Manuel Balseiro Orol, Manuel Santos Costa, Diego Calvo Lopez, Guadalupe Murillo Solís e Ana Belén García Vidal** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer en sede parlamentaria a posición do goberno galego nun tema de máxima actualidade

Exposición de motivos:

O día 8 de abril deste ano publicouse no Boletín Oficial das Cortes Xerais (Senado) a proposición de Lei de medidas urxentes para a consolidación dos funcionarios interinos da administración local con habilitación de carácter nacional, subscrita polo Grupo Parlamentario de Izquierda Confederal (Adelante Andalucía, Más Mallorca, Más Madrid, Compromís, Gerona Bai, Catalunya en Comú Podem e a Agrupación Socialista Gomera).

Esta proposta vulnera de maneira frontal os artigos 14, 23.2 e 103.3 da Constitución Española, e toda a normativa e principios medulares do ingreso na función pública. O mérito, a capacidade e a publicidade, garanten o dereito fundamental a igualdade no acceso ao exercicio de funcións públicas, estes principios afectan aos pilares vertebradores dunha Administración Pública orientada a protección dos intereses xenerais.



Os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional teñen reservadas unha serie de funcións imprescindibles en tódolos concellos, a fe pública, o asesoramento legal, o control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e contabilidade, polo tanto, a este corpo de funcionarios lles corresponden as atribucións máis importantes que se realizan nunha entidade local.

O acceso a este Corpo de Funcionarios esixe superar duros procesos selectivos que garanten a independencia e profesionalidade que esixe o recto desempeño das tarefas reservadas a estes empregados públicos.

Esta proposta permite o acceso con carácter definitivo ao corpo de funcionarios de administración local con habilitación nacional, e en xeral, ao exercicio de funcións públicas, a través de procesos de consolidación (cunha antigüidade de tan só 3 anos) e cun simple concurso o que supón un grave atentado non só contra o prestixio destes funcionarios senón aos principios e garantías do noso Estado de Dereito.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar da Administración xeral do Estado e ao Goberno de España a rexeitar a tramitación da proposición de Lei de medidas urxentes para a consolidación dos funcionarios interinos da administración local con habilitación nacional e a convocar e cubrir anualmente un maior número de prazas de funcionarios de cada unha das subescalas pertencentes ao corpo de funcionarios de administración local con habilitación nacional.”

Santiago de Compostela, 23 de abril do 2021.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/04/2021 14:49:30

Paula Prado del Río na data 23/04/2021 14:49:47

José Manuel Rey Varela na data 23/04/2021 14:50:01

José Alberto Pazos Couñago na data 23/04/2021 14:50:13

María Sol Díaz Mouteira na data 23/04/2021 14:50:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 23/04/2021 14:50:41

Noelia Pérez López na data 23/04/2021 14:51:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/04/2021 14:51:40

María Elena Candia López na data 23/04/2021 14:52:09

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/04/2021 14:52:40

José Manuel Balseiro Orol na data 23/04/2021 14:52:48

Manuel Santos Costa na data 23/04/2021 14:52:56

Diego Calvo Pouso na data 23/04/2021 14:53:15

María Guadalupe Murillo Solís na data 23/04/2021 14:53:27

Ana Belén García Vidal na data 23/04/2021 14:53:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as posibilidades e oportunidades do traslado de ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 21 de abril tivo lugar en Madrid unha reunión sobre a permanencia/traslado de ENCE da ría de Pontevedra, na que participou o Ministerio de Transición Ecolóxica. A Xunta de Galiza, o concello de Pontevedra, a empresa ENCE, os comités de empresa da pasteira e representantes do sector forestal.

O obxectivo da xuntanza era estudar os escenarios e os calendarios en relación con unha hipotética saída de ENCE da ría de Pontevedra, en previsión dunha próxima sentenza da Audiencia Nacional e tendo en conta tamén outros factores ambientais, urbanísticos, de ordenación do territorio, de seguridade e de saúde pública que aconsellan a busca dunha nova ubicación que faga posíbel tanto o desenvolvemento urbano como a recuperación do litoral e da ría de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das conclusións desta xuntanza é que a saída de ENCE é unha posibilidade que debe ser tida en conta, e que tanto a empresa como as administracións deben explorar as posibilidades e as oportunidades para facela realidade. E a Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo, planificación de áreas empresariais, emprego, desenvolvemento industrial e protección do medio ambiente é quen debería impulsar, coordinar e liderar o estudo de alternativas de emprazamento e as negociacións para a construción dunha nova factoría que permita pechar o ciclo produtivo e xerar novos postos de traballo.

O estudo destas alternativas debe ser compatíbel co desenvolvemento dun novo modelo forestal, baseado na biodiversidade e non no monocultivo, e dunha nova política para o monte que aposte decididamente pola multifuncionalidade e pola potenciación dos seus valores ambientais, sociais e produtivos.

Estamos diante dunha grande oportunidade de futuro: en primeiro lugar para acordar as grandes liñas da política ambiental e para o monte, que representa dous terzos do territorio galego; en segundo lugar para garantir a protección e a recuperación da ría de Pontevedra, tal como está regulado nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral; en terceiro termo, para xerar máis e mellores postos de traballo tanto na actividade da industria forestal como no aproveitamento pesqueiro e marisqueiro da ría de Pontevedra; e, por último, para preservar a saúde e garantir un desenvolvemento urbano máis integrador e harmónico entre as cidades de Pontevedra e Marín.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Poñerse á fronte das negociacións sobre as alternativas para a saída da empresa ENCE de Lourizán, atendendo ás competencias que ten en materia de ordenación do territorio, protección do medio ambiente, emprego e desenvolvemento industrial.
2. Traballar conxuntamente coas demais administracións, coa empresa ENCE e cos representantes sindicais para estudar un emprazamento alternativo e un novo proxecto empresarial que permita pechar o ciclo produtivo.
3. Acordar con todos os axentes implicados unha nova política forestal e para o monte baseada na multifuncionalidade, na defensa da biodiversidade, na prevención do cambio climático, na prevención dos incendios forestais, na protección dos recursos hídricos e da calidade dos solos, no fomento dos bosques autóctonos e nun aproveitamento produtivo diversificado, sustentábel e xerador de valor engadido.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2021 12:31:29

Alexandra Fernández Gómez na data 26/04/2021 12:31:32

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2021 12:31:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da inminente caducidade da autorización ambiental integrada da empresa Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Auxiliar Conservera, S.A. (AUCOSA) conta cunha planta de elaboración de fariñas e aceite de pescado situada nun entorno residencial en Chapela, no concello de Redondela. Esta planta leva anos xerando graves problemas para a veciñanza da contorna polos fortes cheiros pestilentes que xera. Os veciños denuncian, así mesmo, que esta empresa é o foco de numerosos episodios de verteduras contaminantes á Ría, que afectan a zonas pertencentes a Rede Natura 2000 e ás augas de pesca, bateas e marisqueo da contorna.

Dende o ano 2002, distintas asociacións de veciños e veciñas da zona, xunto coas confrarías de pescadores, agrupacións de mariscadoras e a Plataforma en Defensa da Enseada de San Simón, veñen impulsando e sostendo unha campaña para denunciar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todos os problemas asociados a esta planta. Esta batalla chegou ate o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que en 2011 falla a favor da veciñanza e dita a anulación da Avaliación Ambiental Integrada outorgada en 2008 por incompatibilidade urbanística. A sentenza é clara en cuanto a que a actividade desta planta non pode ser categorizada como industria limpa compatible con áreas residenciais, e que por tanto incumpre as Normas Subsidiarias do Planeamento municipal.

A pesar disto, en 2013, aínda no medio do proceso xudicial, a Xunta decide renovar por un período de 8 anos a AAI anulada polo TSXG, sen que se tiveran modificado as condicións que motivaran a sentenza. Desta forma a Xunta permitiu que se continuasen a vulnerar as normativas urbanísticas, coas consecuencias que iso supoñen para a calidade de vida dos veciños e veciñas da zona.

Foi necesario que en 2014 o Tribunal Supremo volvera a darlle a razón aos veciños, ao confirmar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a incompatibilidade urbanística, para que en 2015 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en aplicación das sentenzas, declare de oficio a nulidade da renovación da AAI concedida en 2013 e dite resolución de parada e clausura da produción.

Así e todo, o que debiera ter sido o punto final a anos de loita popular para que se cumprise coa normativa e se rematasen os fedores, as verteduras e as emisións de gases e rúidos; resultou tan só nun punto e seguido e a apertura dun novo capítulo de indefensión dos veciños. Este último proceso comeza cando a empresa, amparándose na renovación da AAI que lle fora outorgada pola Xunta en 2013, interpón un recurso no TSXG que falla en favor da empresa, ao considerar a Autorización Ambiental Integrada orixinal e a súa renovación dous procedemos independentes. A pesar de que esta resolución aprecia cousa xulgada o aspecto relativo a que a actividade é incompatible





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas Normas Subsidiarias, anula as resolucións anteriores e rehabilita a renovación da AAI ate o 16 de maio de 2021, permitindo a empresa manter a súa actividade.

Este novo capítulo marcado por unha extrema indefensión das veciñas e dunha sensación de lexitimación á empresa para o incumprimento da normativa, traducíuse en que a empresa AUCOSA ten asumida unha posición de impunidade para vulnerar cada vez máis normativa.

Nos últimos anos sucedéronse episodios de incumprimento de licenzas urbanísticas, incumprimentos en cuanto aos cheiros e os requisitos marcados na propia AAI, problemas de contaminación e verteduras sistemáticas á Ría nunha zona de especial protección, problemas na rede de saneamento e problemas de seguridade derivados da instalación dunha planta de gas de forma ilegal.

Tendo en conta que o 16 de maio deste ano caduca a renovación da autorización ambiental da empresa para continuar coa actividade, dende o BNG entendemos que é momento de pór fin a esta situación. É necesario facer cumprir coas normativas urbanísticas e impulsar o traslado desta empresa e da súa actividade regulada dentro das “actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas”, a unha zona compatible con estes usos. O entorno residencial no que se empra na actualidade, tal e como sinala a normativa e como se recolle nas sentencias do TSXG e do Tribunal Supremo, non é o lugar para a implantación deste tipo de industrias.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Revisión de oficio das resolucións da renovación e modificación da Autorización Ambiental Integrada outorgada a Auxiliar Conservera, S.A. para unha planta de elaboración de fariñas e aceites de pescado no Concello de Redondela.

2. Iniciar, unha vez superada a data de caducidade da renovación da AAI o próximo 16 de maio de 2021, o procedemento de extinción da Autorización Ambiental Integrada por carecer do requisito esencial de compatibilidade urbanística.

3. Iniciar o procedemento de peche e clausura da planta, procurando a continuidade da empresa nun emprazamento alternativo compatible con este tipo de industrias.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/04/2021 16:02:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2021 16:02:59

Alexandra Fernández Gómez na data 26/04/2021 16:10:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**., ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Falamos xa da desigualdade no rural noutra iniciativa. Nesta queremos incidir directamente na desigualdade que provocan no medio rural os distintos e sucesivos programas de desenvolvemento rural e plans estratéxicos da PAC.

Neste momento estase a rematar a negociación da nova PAC e parece que unha vez máis as mulleres non son tidas en conta nela.

Isto reflíctese claramente, pola ausencia de linguaxe inclusiva, usando termos como mozos, agricultores, etc. O que dá a entender que as mulleres perceptoras da PAC non existen, pero o que é máis grave é que a maioría das veces as mulleres nómeanse xunto cos "mozos" e cando se nomean soas sempre levan a coletilla de "rurais". Aventúrome a asegurar que dos homes non se fala como rurais, senón como agricultores, gandeiros, etc.

Subliña o SLG, que se dirixiu ao Ministerio para corrixir estes "eventuais despistes". Ademais denuncia que as explotacións agro gandeiras de pequeno tamaño, carácter familiar e pouco endebedadas eran consideradas no PEPAC como unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debilidade e non como unha fortaleza. Penalízanse por estar de costas ao sistema, cando é o sistema o que as bota fóra.

O enfoque que lle dá a PAC dende o Ministerio, prantexa como unha gran idea que as mulleres copien a maneira de producir dos varóns do agro, con macro explotacións de ser posible e moi endebedadas para poñerlle o asterisco no apartado Fortalezas da análise DAFO.

Tampouco dirixe calquera das axudas dun xeito igualitario ás pequenas e medianas explotacións que son as máis xestionadas por mulleres senón que tanto as axudas básicas como as complementarias ou os futuros pagos vinculados aos ecoesquemas parece que están deseñados para as grandes explotacións.

Podemos facer innumerables declaracións de intencións, podemos legislar e planificar o que queiramos porque despois sempre está esta sociedade machista que non só impide evolucionar ás mulleres, senón que as trata como minorías febles e pobres, borrándoas practicamente neste caso das prestacións da PAC, como xa se fai evidente no actual período co informe do FEGA "Axudas directas e desenvolvemento rural: análise da idade e do sexo dos perceptores a nivel nacional e por comunidades autónomas", onde se expoñen os datos das axudas desagregados por sexo.

Pero que podemos agardar dunha Consellaría de Medio Rural onde a orde de axudas estrela de desenvolvemento rural da PAC, a de incorporacións, plans de mellora e pequenas explotacións define uns criterios de selección no que ser muller ten unha baremación positiva de 2 puntos sobre un total de 46 puntos totais posibles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a a trasladarlle ao MAPA as correspondentes reivindicacións:

Sobre unha cuestión de forma: a falta de visibilidade das mulleres na PAC por mor da falta de linguaxe inclusiva.

Sobre unha cuestión de fondo: O MAPA dende a Política Agraria Común pretende que as mulleres cambien para poder contar co mesmo nivel de axudas da PAC que os homes sen sequera valorar que é o deseño da PAC o que ten que modificarse para dar cabida e de pleno dereito ás mulleres respectando os seus modos e maneiras de producir, protexendo o modelo agrogandeiro familiar, sostible e de pequenas dimensións.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/04/2021 10:23:26

María González Albert na data 16/04/2021 10:23:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/04/2021 10:23:50

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2021 10:23:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A idade media dos titulares físicos de granxas en Galiza está en 58,36 anos. Evidentemente, se dende a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galiza non se apoia decididamente a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, o que nos deparan os vindeiros anos vai ser unha situación aínda máis crítica, se cabe, de despoboamento rural na nosa terra.

Por iso, non se entende o retraso manifesto na súa convocatoria para a presente anualidade 2021. Asemade, é incomprensible que as solicitudes efectuadas en febreiro de 2020, data da última convocatoria, sigan sen resolver e ser comunicadas aos beneficiarios/as das mesmas.

De non convocarse estas axudas de incorporación en 2021, toda unha xeración de mozos e mozas que quixesen iniciar proxectos agrogandeiros no rural, quedará fóra do sistema e sen apoios públicos para iniciar os seus proxectos.

Iniciar unha actividade agrogandeira no rural é custoso e require un importante esforzo e compromiso persoal, xunto aos necesarios recursos económicos, polo que estas axudas son de vital importancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha axuda tan básica como é a de incorporación de mozos/as á actividade agraria é innegociable. Non ten debate posible. Non vale a escusa de que non hai cartos para que non se abra a convocatoria de 2021, xa que todos os anos sobrou diñeiro do destinado a esta liña. E chegan tarde coa convocatoria do Comité de seguimento do PDR o pasado 14 de Abril.

Isto supón a expresión do fracaso das políticas agrarias da Xunta de Galiza, que están a favorecer que a nosa terra sexa cada vez máis vulnerable e dependente nunha cuestión tan básica como é a soberanía alimentaria e a alimentación da nosa cidadanía.

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

Progresivamente abandonouse deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, “encorsetado” e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, as/os mozas/os tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión técnico-económica da empresa e todo este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galiza o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e “perdurabilidade” no tempo do proxecto empresarial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a convocar con urxencia unha **nova anualidade das axudas de incorporacións** á actividade agraria, plans de mellora e pequenas explotacións, ou prorrogue a orde de axudas de 2020, xa que aínda están sen aprobar e comunicar as resolucións das mesmas. Os orzamentos deben ser claros e suficientes para atender as demandas previstas no período de transición 2021-2023.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/04/2021 10:44:10

María del Carmen Aira Díaz na data 16/04/2021 10:44:14

María González Albert na data 16/04/2021 10:44:24

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2021 10:44:31



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias e Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

En marzo do ano 2019 tres administracións -Xunta de Galicia, Concello de Viveiro e Deputación de Lugo- chegaban a un triplo acordo que permitiría, por unha banda, o traslado da escola oficial de idiomas *Luz Pozo Garza* ao edificio do antigo colexio de Celeiro, previa rehabilitación do inmovible e, en segundo lugar, que a asociación ASPANANE (Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual) poida completar as súas instalacións cunha nova residencia, aproveitando o espazo que deixa baleiro o centro de idiomas.

Para facer realidade ese obxectivo, ademais do financiamento das obras ao que se comprometían as tres administracións, era imprescindible contar coa cesión do antigo colexio de Celeiro, que é propiedade do Goberno central, en particular da Tesourería Xeral da Seguridade Social. O propio Concello comprometeuse a realizar diante da administración central as xestións necesarias para lograr esta transferencia, sen obter éxito, ata o momento.

Transcorridos máis de dous anos dese acordo a realidade é que non foi posible cumprir ningún destes obxectivos, como consecuencia da falta de vontade e intransixencia do Goberno central que, nun primeiro momento, negou toda posibilidade de cesión das instalacións do vello colexio de Celeiro e, despois, tras rectificar ante a presión social e política recibida, amosouse disposto a esa transferencia sempre que se realice a título oneroso, isto é, previa venda das instalacións do vello colexio.

Con esta incomprensible decisión o Goberno central incorre como mínimo en tres comportamentos reprochables:

En primeiro lugar, a Executivo central incumpre deliberadamente o acordo acadado no Parlamento de Galicia o pasado mes de novembro, a iniciativa do Grupo Popular, e aprobado por unanimidade, isto é, co voto favorable de todas as forzas políticas. Nel a Cámara galega instaba ao Goberno central a formalizar a doazón do edificio do antigo colexio á maior brevidade posible.



En segundo lugar, o Executivo central pretende facer negocio co antigo colexio de Celeiro, un edificio pechado e sen uso, que na actualidade está practicamente en situación de abandono e que segue deteriorándose sen que a administración central sexa quen de darlle un uso alternativo.

Finalmente a posición da Tesourería Xeral da Seguridade Social incorre nun agravio comparativo. Sen saír da localidade e na propia comarca, existen exemplos dabondo de inmobles propiedade deste organismo que foron cedidos a outras administracións de xeito gratuíto para darlles novos usos.

Non é certo, en consecuencia, que a normativa vixente impida a cesión gratuíta de inmobles propiedade da Tesourería Xeral de Seguridade Social. Así aconteceu coa cesión gratuíta da Casa do Mar do Vicedo, para destinala a centro de día; coa cesión gratuíta da Casa do Mar de San Ciprián (Cervo), para destinala a nova escola infantil municipal; coa cesión da Casa do Mar de Foz, ou tamén coa cesión de varios solares, ambos favor do Concello, como aconteceu en Mondoñedo.

O Goberno central torpedea a aspiración da veciñanza de Viveiro e do conxunto da comarca que, hai xa máis de dous anos, acollía con satisfacción e esperanza o triplo acordo ao que chegaron a Xunta, o Concello de Viveiro e a Deputación provincial, nun exemplo moi positivo de colaboración institucional. Deste xeito, Viveiro blindaba a continuidade da súa escola oficial de idiomas, que contarían cunhas instalacións máis amplas e modernas e ASPANANE faría realidade o seu proxecto residencial para a atención de persoas con enfermidade mental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ante o Goberno de España a solicitude de cesión do inmovible do antigo colexio de Celeiro (Viveiro) para, previa rehabilitación, trasladar alí a escola oficial de idiomas *Luz Pozo Garza* e, a súa vez, permitir o aproveitamento dos espazos que deixa baleiros o centro de idiomas para a ampliación das instalacións do colectivo social ASPANANE, con destino a novos usos residenciais. Esta cesión efectuarase a título gratuíto”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2021 11:28:37

José Manuel Balseiro Orol na data 16/04/2021 11:29:07

María Elena Candia López na data 16/04/2021 11:29:19

Daniel Vega Pérez na data 16/04/2021 11:29:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ovidio Rodeiro Tato na data 16/04/2021 11:29:55

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/04/2021 11:30:09

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2021 11:30:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/04/2021 11:30:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/04/2021 11:30:47

José Luis Ferro Iglesias na data 16/04/2021 11:31:04

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/04/2021 11:31:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o sobresemento da denuncia presentada por un grupo de mulleres mariñás tras a difusión en páxinas web pornográficas de imaxes gravadas nunha rúa de San Cibrao durante a Maruxaina 2019 e as medidas que debe adoptar o Goberno galego a respecto de casos semellantes

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as festas da Maruxaina de 2019 un grupo de mulleres foron gravadas sen o seu permiso mentres ouriñaban na rúa e as imaxes penduradas e difundidas a través de páxinas web pornográficas.

Os feitos foron denunciados polas prexudicadas e pola asociación Mulleres en Igualdade, Bumei nos xulgados de Viveiro. Recentemente o xuíz titular do xulgado de instrucción nº1 de Viveiro ditou un auto no que sobreseeu provisionalmente o caso ao considerar que non fica “suficientemente acreditado que se cometese ningún delito”.

Segundo o xuíz “non vulnera a intimidade” o feito de gravar estas mulleres ao atopárense “nun lugar público no que as podía ver calquera persoa que pasase pola zona”. A decisión xudicial foi, obviamente, recorrida polas mulleres e a devandita asociación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta desde calquera punto de vista inadmisíbel o sobreseemento do caso, máis aínda se temos en conta que as imaxes –tomadas sen o seu consentimento– foron difundidas en portais web porno co beneficio económico que ese contido poida xerar para as persoas responsábeis.

Ademais, a argumentación do xuíz pouco máis que ve xustificada o acontecido responsabilizando as mulleres ao considerar que o feito de se atoparen na rúa xustifica que foran gravadas e as imaxes difundidas, independentemente de se iso supón unha degradación ou vexación para estas mulleres.

Ningún contexto xustifica unha agresión contra os dereitos fundamentais das mulleres.

Para o Bloque Nacionalista Galego, estes feitos esixen unha profunda análise e reflexión social e política pola súa gravidade mais tamén porque non son unha anécdota.

Actualmente existen numerosas web de contido pornográfico na que son penduradas e difundidas imaxes e gravacións de persoas que descoñecen ter sido gravadas. Unha vulneración da intimidade, sobre todo das mulleres, coa que se están a lucrar persoas e/ou empresas que monetarizan nestes portais o contido que difunden.

Somos plenamente conscientes de que a regulación da Internet e o Código Penal son competencia exclusiva do Estado español. Porén, cremos que a Xunta de Galiza debería ter unha actitude máis proactiva na denuncia, no asesoramento e no acompañamento naqueles casos nos que, como aconteceu na Maruxaina, ten constancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a analizar da man da Asesoría Xurídica as medidas que poderían adoptarse para impedir que gravacións como as da Maruxaina 2019 poidan ser difundidas e monetarizadas con total impunidade na Internet. Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a demandar das autoridades competentes a adopción das actuacións necesarias para que este tipo de situacións poidan repetirse.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2021 13:17:38

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2021 13:17:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 16/04/2021 13:17:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As medidas recollidas no PDR para a asignación de axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, que afrontan por primeira vez unha aventura empresarial son complexas no seu manexo, como tamén o é a xestión técnico-económica posterior das explotacións agrogandeiras.

Temos tan só dous mecanismos públicos de soporte administrativo onde estes mozos/as poden acudir: por un lado temos os Servizos Provinciais de Explotacións Agrarias nas capitais de provincia, dependente da Consellería do Medio Rural e por outra parte contamos coas OACs (Oficinas Agrarias Comarcais), cada día máis desmanteladas en recursos e medios humanos, que se erixen como o primeiro recurso e en moitas veces o único a onde acudir para solicitar axuda ou consello nas tramitacións administrativas.

As OACs convertéronse nos últimos anos en meras tramitadoras de expedientes e canalizadoras da crecente e cada vez máis excesiva burocratización da Xunta de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza, namentres o Servizo de Explotacións Agrarias centra o seu labor administrativo case exclusivamente nas tarefas inspectoras, auditoras e sancionadoras.

A Consellería de Medio Rural descoidou o papel que exerceron as antigas Axencias de Extensión Agraria ou as Axencias de Desenvolvemento Gandeiro, que tiveron a súa orixe nos anos 50 e 60 e que agromaron coa finalidade de modernizar o agro galego, a través da transferencia de coñecemento e dos avances técnicos ás explotacións agrogandeiras, grazas a unha administración próxima e coñecedora da problemática rural e produtiva, que derivaron a súa función principal cara as xestións agrarias, especialmente a tramitación e cobro das axudas públicas procedentes da PAC.

Progresivamente abandonamos deste xeito o servizo público de formación e acompañamento para os proxectos que se presentan nas sucesivas convocatorias para axudas á incorporación da xuventude, centrando única e exclusivamente no cumprimento dos requirimentos das bases recollidas na convocatoria da axuda, no control da fiscalización da execución do investimento, e no seguimento dun plan empresarial estandarizado, “encorsetado” e en moitas ocasións irreal e afastado da especificidade e características singulares en cada iniciativa emprendedora.

Deste xeito, os mozos e as mozas tropezan con todo tipo de atrancos que van dende a creación do propio plan empresarial o máis real posible, o pago de impostos, a xestión técnico-económica da empresa e todo este periplo fano na máis absoluta soidade debido a que para a Xunta de Galicia o éxito das novas incorporacións mídese pola correcta execución das axudas e non pola viabilidade e “perdurabilidade” no tempo do proxecto empresarial.

Por todo isto:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Plan Integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira debe realizarse cunha perspectiva máis ampla que a actual. É preciso que teña en conta o pasado, presente e futuro das persoas que forman a gandería.

Na actualidade o sector agrogandeiro está inmerso nun contexto de incerteza e volatilidade que esixe ser cautos e estudar detidamente cada investimento. As decisións estratéxicas deben de tomarse de forma pausada, sopesando os pros e contras de cada elección.

Cando un agricultor/a e/ou gandeiro/a está a executar un novo investimento, está definindo unha estratexia de produción, baseada na tipoloxía de alimentación, ou no manexo (p.e. alimento conservado, con posibilidades ou non de implementar un robot de muxido,...).

Cando pensamos nas explotacións agrogandeiras, concibímolos unicamente nos animais, na terra, na maquinaria, nos alimentos; en resumo, no sistema de produción e en como melloralo técnica e economicamente. Esquecemos, na maioría dos casos, ás persoas que conforman a gandería e que dependen dela (propietarias, parellas, traballadoras, todas elas relacionadas á gandería e que inflúen na súa viabilidade no tempo).

Por outra banda, as ganderías dispoñen a día de hoxe dunha ampla oferta de profesionais que os asesoran: agrónomos/as, nutrólogos/as, comerciais de casas de pensos, de xenética, de fertilizantes e casas de sementes, técnicos en xestión económica e de aconsellamento, veterinarios/as, e todo un longo etcétera de persoas que achegan coñecementos e tamén intereses. Estas relacións tamén deben ser tidas en conta á hora de valorar a estratexia dunha gandería.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este plan estratéxico debe ordenar todos estes factores e as súas interaccións en perfecta conxunción coas entidades públicas de asesoramento agrario (OACs e Servizo de Explotacións Agrarias), permitindo analizar as estratexias dos proxectos empresariais dos/as mozos/as de xeito individual ou en grupo.

En Galiza compre introducir a xestión estratéxica para encadrar os diferentes asesoramentos técnicos (agrícola, gandeiro, alimentación, veterinario, económico, etc...) que reciben as ganderías para que todos sigan cara unha mesma dirección: a viabilidade técnica e económica do proxecto empresarial da mocidade que se incorpora á actividade agrogandeira para asegurar a fixación de poboación no noso rural.

A Consellería de Medio Rural debe incorporar certas modificacións na orde de axudas que convoca con carácter anual para favorecer a incorporación da mocidade á actividade agrogandeira:

- 1.- Dotación orzamentaria suficiente para fornecer dos medios materiais e recursos humanos suficientes para a xestión eficiente das axudas de incorporación.
- 2.- Implantación dun plan estratéxico de recuperación do asesoramento público ás incorporacións, executado dende as OACs e os Servizos de Explotacións Agrarias.
- 3.- Oferta de formación específica para o persoal da Consellería de Medio Rural encargado do asesoramento, centrado na xestión técnico-económica de explotacións agrogandeiras, técnicas de mercado, comercialización e márketing.
- 4.- Realización e seguimento dun plan empresarial real e adaptado ás especificades de cada proxecto de emprendemento achegado na convocatoria de incorporacións á Consellería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Simplificación no modelo de contas de explotación, balance real de ingresos e gastos reais, e coincidencia de datos no balance de perdas e ganancias aportado a Facenda.

6.- Establecemento de incorporacións progresivas e/ou por obxectivos cando a situación de partida así o aconselle, baseadas nun plan de incorporación (é dicir, as persoas beneficiarias incorpóranse e van paso a paso, recibindo a axuda segundo vaia precisando financiamento até un tope establecido na resolución).

7.- Adianto modulable do anticipo do importe das axudas en función das necesidades de cada plan empresarial, para realizar os investimentos precisos, sen necesidade de recorrer a préstamos bancarios.

8.- Fomento de incorporacións tuteladas que fomenten o relevo xeracional nas granxas nas que non existe.

9.- Convocatoria aberta con carácter anual: débese habilitar unha entrega da solicitude ao longo de todo o ano, prolongando o espazo temporal no que se pode iniciar a tramitación da solicitude e ao mesmo tempo facilitar a incorporación dunha solicitude subrogada cara a anualidade posterior, de xeito que non inflúa de xeito decisivo a idade de nacemento do/a mozo/a ou a idade de xubilación do cesante no caso dun relevo xeracional ou fronte da granxa.

10.- Prioridade a proxectos agroecolóxicos, baseados na sustentabilidade, na economía local e no comercio de proximidade. Apoio preferente e decidido a proxectos baseados na multifuncionalidade do proxecto empresarial, o complemento de rendas agrarias e a diversificación produtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

11.- Consideración de inclusión na orde de axudas de modelos de incorporacións que se inician coa modalidade de incorporación a tempo parcial, pero que establecen un marco temporal para converterse en incorporacións a tempo completo na actividade agraria e/ou gandeira.

12.- Establecemento de uniformidade de criterios normativos e legais iguais e coincidentes con outras administracións ou consellerías (p.e. Patrimonio, Medio Ambiente, a fin de facilitar a tramitación administrativa).

13.- Establecemento de convenios de colaboración con outras entidades xestoras dos expedientes administrativos dos interesados/as e futuros/as beneficiarios/as (p.e. Confederación Hidrográfica do Norte, Augas de Galicia, Sección de Urbanismo dos Concellos – FEGAMP), a fin de priorizar a revisión dos expedientes obxecto da orde de axudas de incorporación para evitar que se incumpran os prazos de entrega de permisos, licencias, etc...

14.- Ampliación de entrega do prazo de permisos de proxecto, licencias urbanísticas, etc...ata o 1 de Novembro de cada ano, para evitar ter que aprobar de xeito sistemático todos os anos unha prórroga no prazo de entrega da documentación máis aló do 15 de Setembro, a fin de evitar a incerteza xerada sobre o mozo/a e facilitar a súa posterior tramitación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a crear un Plan Integral para o asesoramento das novas incorporacións da mocidade á actividade agrogandeira, que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sirva de acompañamento dende o momento do deseño do plan empresarial e continúe máis alá dos 5 anos que dura o compromiso de manter aberta a explotación, servindo tamén para monitorizar os resultados e contemple o titoramento e orientación sobre o cambio da actividade produtiva no caso de ser preciso.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/04/2021 15:48:40

María del Carmen Aira Díaz na data 16/04/2021 15:48:44

María González Albert na data 16/04/2021 15:48:55

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2021 15:49:06





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza do impacto tributario pandemia da covid-19 para o ano 2020 e as previsións de informes da ATRIGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto da pandemia da covid-19 na xestión tributaria das administracións non ten precedentes e é unha cuestión que os gobernos deben avaliar pormenorizadamente, toda vez ademais que é previsíbel o impulso de cambios normativos para enfrontar as consecuencias económicas e sociais desta.

A administración galega, con competencias -aínda que limitadas- en materia tributaria tivo e ten a responsabilidade de impulsar flexibilizacións e adaptacións no seu ámbito e de decidir exonerar ou non do pagamento de impostos. Unha responsabilidade que asumiu de forma desigual, sendo máis esixente con outras administracións como as locais do que consigo mesma.

No momento de asinar esta iniciativa non están dispoñíbeis no soporte web da Axencia Tributaria de Galiza avance ningún respecto dos resultados ou previsións do Informe xeral de actividade da Atriga 2020, das Contas anuais da Atriga 2020 ou do Informe de auditoría de contas da Atriga 2020.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, o pasado 15 de abril o Consello da Xunta, segundo se informaba nas súa nota pública, analizou un informe sobre o impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020. En dita nota informativa sinálase como avance que 43.125 “familias” foron beneficiadas dos aprazamentos de impostos da Xunta e que, ademais disto, a Axencia Tributaria de Galiza concedera no exercicio 2020 un total de 2.003 aprazamentos de impostos por importe de 12,9 millóns de euros.

Ademais destas cuestións, dos datos ofrecidos infírese que a pandemia ten un evidente impacto no aumento das xestións telemáticas, evolución que, por outra banda, xa era unha das prioridades recollidas nos obxectivos prioritarios do Plan Estratéxico 2015-2020 e que tamén obedece a que, non sen demora, a Xunta por fin apostou a finais de 2019 por impulsar a posibilidade de que calquera cidadán poida pagar en liña, a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta bancaria sen desprazárense fisicamente ás oficinas bancarias. Este aumento xa xestión telemática tivo unha evidente influencia do contexto, sen prexuízo dun importante número de atencións presenciais que agora se desenvolven con cita previa e que a ATRIGA cifra en máis de 54.000. Mais é necesario avaliar o seu desenvolvemento de forma máis pormenorizada para poder detectar deficiencias ou necesidades respecto da consideración de situacións de fenda dixital ou de problemas de cobertura tecnolóxica.

Así mesmo, comprendendo as dificultades propias do ano 2020 canto a xestión tributaria se refire, é necesario coñecer máis información sobre cuestións que non se inclúen na nota informativa, como son os montantes aproximados ou definitivos da recadación ou o impacto das rebaixas fiscais. Tamén é pertinente ter máis información sobre as medidas de control efectuadas e o impacto que puido ter, en xeral, a pandemia no funcionamento da ATRIGA e nos resultados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara no prazo máximo de 15 días a seguinte información: o informe aprobado o pasado 15 de abril polo Consello da Xunta sobre o impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020, as achegas elaboradas pola ATRIGA para a elaboración do novo Plan Estratéxico de Galiza 2021-2030 e un avance da información que recollerá, cando menos, o Informe xeral de actividade da Atriga 2020, achegando se é posible algún avance sobre as contas anuais da propia Axencia.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2021 09:46:44

Daniel Pérez López na data 19/04/2021 09:47:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/04/2021 09:47:13

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2021 09:47:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias**, e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de xaneiro, o Reino Unido recuperou a soberanía das súas augas. O acordo acadado entre a Unión Europea e o Reino Unido, *in extremis*, o 24 de decembro de 2020, entregou o 25% das cotas de pesca europea ao Reino Unido a cambio do acceso ás súas augas durante 5 anos e medio.

Despois das celebracións iniciais das autoridades españolas e europeas, as valoracións máis comedidas viñeron a medida que se foron coñecendo os detalles do acordo e a afectación do mesmo no sector pesqueiro galego que xa cualificou de moi negativas as súas consecuencias, agora e no futuro.

Os resultados das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido non só quedaron en evidencia coa mesma sinatura do acordo senón tamén neste mes de marzo co fiasco que supuxo a falla de acordo definitivo sobre as cotas para o 2021, véndose obrigados de novo a prorrogalas de xeito provisional ata o mes de xullo.

A frota do Estado español que pesca en augas británicas é fundamentalmente a frota galega: Máis de 70 barcos dos 88 do Estado nos caladoiros do Reino Unido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(arredor de 1.500 tripulantes) e 20 nas Malvinas (arredor de 400 tripulantes), aos que hai que sumar 36 de bandeira británica pero de capital galego.

As perdas estimadas dos barcos galegos que pescan nos caladoiros británicos superan os 9 millóns de euros, segundo o propio sector, só neste ano, cantidade que podería aumentar se o TAC agora provisional sofre reducións. E un informe realizado pola Universidade de Santiago de Compostela calculou que o brexit tería un impacto económico sobre a pesca galega duns 535 millóns de euros. Ademais, a metade dos sectores dos que se alimenta a economía galega acusarían as consecuencias.

Previendo, precisamente, as consecuencias do brexit, o Consello da UE acordou adoptar un paquete de axudas xa en xullo de 2020 e a proposta da Comisión foi presentada após da sinatura do acordo de saída: 5.000 millóns de euros para apoiar ás empresas e ao emprego nos sectores afectados constitúen a Reserva de Axuste Brexit (BAR).

A propia Comisión resaltou naquela presentación que con esa Reserva amosábase de novo a súa solidariedade e a cohesión como elementos clave que garantirían que aqueles máis afectados recibisen o apoio necesario.

Pouco despois soubemos que esa solidariedade e cohesión significaban que do total de 5.000 m. e. para a Reserva de Axuste, 600 estarían destinados a paliar as perdas de todo o sector pesqueiro europeo e 2,2 corresponderíanlle ao sector do Estado español. É dicir, un 0,35% do total dos fondos pesqueiros cando os datos que se teñen feito públicos sinalan que as capturas dos buques do Estado español en augas británicas representan arredor dun 1% do conxunto das da frota europea.

Os criterios de reparto empregados son o valor do peixe capturado no Reino Unido por cada Estado membro ponderado pola súa dependencia das augas británicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se teñen en conta outros caladoiros fóra do Gran Sol como, por exemplo, as Malvinas ou, tampouco, a cesión da cota de bacallau de Svalbard onde a frota do Estado español perdeu parte importante das posibilidades de captura que acaparaba.

Por outra banda, a proposta prevé distribuír o orzamento total en dúas asignacións. Unha este ano, de arredor de 4.000 m. e. en forma de prefinanciación, e outra, de 1.000 m. e. a partir do ano 2024, para cubrir o gasto que supere a asignación inicial, sen ter en conta que o propio acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido remata en xuño de 2026.

En definitiva, uns criterios de reparto absolutamente cuestionábeis e discriminatorios, un orzamento para o sector absolutamente insuficiente en relación co conxunto do da Reserva de Axuste e totalmente irrisorio no caso do Estado español que afectará gravemente a Galiza de non corrixirse.

Co Regulamento da Reserva de Axuste do Brexit máis unha vez chove sobre mollado para unha frota demasiado agraviada e sobre a que xa pesa a distribución anual de Tacs da propia UE -reparto que ano tras ano é perxudicial para Galiza-, a perda de dereitos e posibilidades de pesca continuada, os altos custos da carga regulatoria que sofre, e agora a perda de novas cotas que non se van recuperar e a incerteza de quedar a expensas dunhas negociacións anuais após o 2026 que lle impiden planificar o seu futuro e que condicionan os seus investimentos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Demandar do Estado español e da Unión Europea:

- O incremento da Reserva de Axuste Brexit destinado ao sector pesqueiro.
- A extensión do orzamento total da Reserva para a pesca máis alá do ano 2026.
- A corrección dos criterios de reparto da Reserva de Axuste Brexit, de xeito que se teñan en conta para as compensacións os territorios dos estados membros afectados polo brexit máis dependentes da pesca, o impacto nos sectores económicos relacionados coa mesma e o conxunto de augas británicas nas que faenan.
- A xestión dos fondos pesqueiros que se deriven da Reserva de Axuste Brexit por parte da propia Xunta, no caso de Galiza.

2.- Programar e levar a cabo plans de soporte económico e social ao sector pesqueiro e ás zonas máis afectadas polo acordo entre a UE e o Reino Unido que palíen as consecuencias puntuais máis inmediatas do mesmo.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/04/2021 11:15:50

María do Carme González Iglesias na data 19/04/2021 11:16:05

Daniel Castro García na data 19/04/2021 11:16:16

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2021 11:16:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Olalla Rodil Fernández**, e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á situación demográfica das comarcas ourensás e aos compromisos orzamentarios que deben adoptar o goberno galego e central no marco dos fondos europeos de recuperación da covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica é o principal reto económico e social que enfronta Galiza. Singularmente, é de sinalar a gravidade da situación das comarcas ourensás e tamén do centro e sur de Lugo. Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vimos alertando e demandando nos últimos anos a necesidade de dedicar esforzos a esta parte do país e introducir medidas de discriminación positiva e garantías de cumprimento dos compromisos das diferentes administracións, pois a liña xeral, especialmente no ámbito das infraestruturas e das medidas económicas, é de incumprimento xeneralizado.

Malia a importancia de abordar esta cuestión de forma profunda e planificada, é un ámbito que tivo un peso escaso no Plan Estratéxico de Galiza 2015-2020 ao incorporarse como eixo transversal mas sen acompañarse de medidas económicas. Tamén é de sinalar o fracaso de medidas como os denominados Plan Impulsa Ourense





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou Impulsa Lugo. O goberno galego continúa instalado na política do titular e a aprobación da lei de demografía non supuxo máis ca iso.

No marco da crise da covid-19, e aberto o debate sobre o destino e prioridades para os fondos europeos de reactivación económica, nomeadamente os Next Generation mais tamén outros fondos ordinarios, esta cuestión debера estar enriba da mesa. Porén, desde a Xunta de Galiza, no marco da falta de transparencia respecto deste ámbito, non hai propostas claras e territorializadas para abordar esta situación e contribuír ao reequilibrio territorial.

Así mesmo, este Grupo Parlamentario ten indicios de que unha vez máis está a darse un nesgo centralista do punto de vista do Estado. A mediados de marzo de 2021 o goberno central facía público un Plan de Recuperación con 130 medidas fronte ao reto demográfico que se presupón a guía ou folla de ruta para diferentes recursos europeos por valor de 10.000 millóns. Aínda que o grao de concreción deixa moito que desexar, o certo é que analizado o Plan constátase que aparecen algunhas medidas concretas territorializadas para comunidades como La Rioja, Castela a Mancha ou Castela e León. Chama poderosamente que nin Galiza nin Ourense, paradigma da crise demográfica, teñan unha soa mención. Máis aínda, cando dentro do plan se inclúen medidas que resulta difícil de explicar que non teñan un correlato galego, como a de impulso aos regadíos, as cuestións transfronteirizas, medidas para a transformación dixital ou referentes ao impulso do sector agrogandeiro. Esta situación é un síntoma que alerta do problema de abandono e esquecemento desta parte do país e da falta de planificación e escoita activa dos gobernos.

É evidente que os datos obxectivos avalarían a presenza galega, e mesmo ourensá, neste tipo de Plans. Por exemplo, abonda sinalar que somos a segunda comunidade con maior índice de avellentamento, ao que se suma a perda continuada de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación. Cada vez somos menos, e cada vez estamos máis avellentados, pero nin así se menciona nin Ourense nin Galiza no plan estatal para facer fronte ao reto demográfico. Se o índice de avellamento do conxunto do Estado é do 126%, para Ourense é do 301%, case o triplo. Un dato que desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tomamos como referencia para cuantificar o que debería recibir a suma de comarcas do plan estatal, o triplo da poboación equivalente, ponderando criterios como o envellecemento ou a dispersión, o que supón unha contía de aproximadamente 300 M€.

Os gobernos galego e central deben atender a gravidade da situación con medidas específicas. Recentemente, o último Informe Funcas sobre despoboación das poboacións interiores sinalan como Ourense está entre as 23 provincias que perderon arredor da metade do seu peso demográfico, económico e laboral nos últimos 70 anos. Así mesmo, o Círculo de empresarios de Galicia sinala nun informe de xaneiro de 2021 como Lugo e Ourense lideran a perda de poboación no Estado español nos últimos 125 anos. No que levamos de século XX a cuestión non mellora. Ourense, por exemplo, ten o récord de perda de poboación cunha caída de máis de 37.000 habitantes desde o ano 2000.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao goberno central para esixir un trato xusto a Galiza e ás zonas máis castigadas demograficamente demandando unha discriminación positiva e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compromisos económicos claros, a comezar pola reserva da contía correspondente ao triplo da poboación equivalente.

2. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata unha relación detallada dos proxectos propostos para ser financiados con cargo aos mecanismos europeos de recuperación onde se detalle a planificación económica territorializada prevista para cada un deles e aquelas medidas incardinadas especificamente no marco do reto demográfico, de cara a poder avaliar se a distribución é adecuadas. Así mesmo, a relacionar aqueles proxectos que serán asumidos polo goberno galego con orzamento propio debido á importancia que teñen para a crise demográfica.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2021 12:15:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 19/04/2021 12:15:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/04/2021 12:15:49

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2021 12:15:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a nova liña de alta tensión proxectada na zona sur do concello de Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na zona sur do Concello de Arteixo está proxectada a construción dunha nova liña de alta tensión altamente invasiva en multitude de propiedades privadas, discorrendo en moitas zonas moi perto das casas e núcleos de poboación.

A liña atravesará 13.600 metros en tendido aéreo, con 47 torretas de alta tensión de até 42 metros de altura, afectando unha zona de reserva da biosfera, zonas afectadas polo POL e zonas de humedais como Sisalde ou Barrañán; humedais costeiros da rede natural da Costa da Morte e cun importante impacto no Val de Loureda, atravesado pola metade.

Unha afectación que se considera evitábel, pois a aludida necesidade de transportar electricidade ao polígono industrial de Morás non parece xustificada no traxecto presentado, habendo outras alternativas que non son nin foron valoradas e xa foron expostas por distintos interlocutores, para non intervir de xeito tan lesivo no medio natural nin ter unha afectación tan acusada a nivel social, do mesmo xeito que se xa argumentou na presentación deste mesmo proxecto en 2015.

Asemade, este proxecto foi rexeitado por todos os partidos políticos da corporación do Concello de Arteixo e por grande número de veciños e veciñas ademais de entidades do municipio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anuncio do proxecto, a exposición pública, o prazo de alegacións estivo acompañado dunha total confusión, así como circunscrito a longos meses de peches perimetrais que dificultaron o acceso á información das persoas afectadas no propio concello.

Os medios de comunicación chegaron a dar conta, nun primeiro momento, de ao redor de 1.200 alegacións presentadas pola veciñanza, das que unhas 700 procederían directamente da xestión do propio concello.

Unha vez rematado o prazo oficial de alegacións o pasado 26 de marzo, e á vista da grave preocupación e activación social existente en Arteixo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo cos afectados, concello, entidades sociais, etc., para realizar, desde o diálogo e consenso, as modificacións oportunas ao proxecto de novo trazado da liña de alta tensión atendendo as alegacións presentadas.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2021 16:55:35

Mercedes Queixas Zas na data 19/04/2021 16:55:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/04/2021 16:55:53

Daniel Pérez López na data 19/04/2021 16:56:05



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A extracción de mexilla, debido á súa localización e á convivencia de traballadores do mar dedicados a especies distintas como percebeiros ou como bateiros dedicados ao mexillón, produce interpretacións distintas das situacións e a normativa. Esta posible conflitividade sería facilmente resoluble se a Consellería do Mar tivera por hábito mediar e resolver as cuestións a través do diálogo, a normativización consensuada e o esforzo por fomentar os acordos e non os enfrontamentos, como habitualmente fai.

As situacións de lexítimo conflito de posicións e intereses de colectivos distintos precisa dunha administración resolutiva, que non alimente os enfrontamentos con interese de debilitar ao sector para poder operar con maior poder, e que clarifique as normativas. Son precisamente as normativas as que deben resolver os problemas, e en función delas a Consellería do Mar ten estado ausente das interpretacións que se poden derivar.

A importancia fundamental do sector do mar precisa dunha consellería proactiva tanto na solución de tensións como, aínda mellor, na evitación do seu xurdimento. Existen en torno a 3.400 bateas en Galicia (das que máis de dous terzos están na ría de Arousa, o que evidencia o impacto que ten o sector en determinadas zonas de Galicia). É imprescindible traballar arreo en favor da produtividade do sector, e non poñer dificultades.

Con motivo de conflitos anteriores entre grupos do sector do mar, o Parlamento de Galicia recibiu iniciativas deste Grupo Socialista preguntando pola posición do goberno da Xunta de Galicia e instando ao cumprimento da normativa e á mediación e negociación para resolver as tensións. As respostas, orientadas a indicar que existía xa unha normativa ao respecto, obviaba o feito máis importante que era que a Xunta non estaba a facer cumprir precisamente esta propia lexislación.



O inicio da época de posible recollida de mexilla volve a alimentar o conflito no que, a pesares de existir posicións enfrontadas entre colectivos, a gran coincidencia está en apuntar que a Consellería do Mar está facendo desleixo de funcións para resolver a cuestión e, como xa se apuntou no seu momento, as que foron consideradas no seu momento como solucións non eran máis que fuxidas cara diante para evitar o problema. Non en tanto, a pesares de ser un conflito difícil e que necesita ser resolto, a Consellería do Mar non parece ter a intención de contribuír a arranxar a situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta da Galicia a resolver o conflito da recollida de mexilla, facendo cumprir a normativa existente e, no caso de querer modificala, facelo coa participación e acordo non condicionado de todos os sectores implicados.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 17:38:39

Patricia Otero Rodríguez na data 19/04/2021 17:38:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 17:38:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é un caso do modelo de Contrato de Colaboración Público –Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas. Este é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O aparcamento do hospital controlado por unha subcontrata da UTE supón na práctica un copago sanitario e un imposto sobre a sanidade.

Hai dous modelos de xestión de servizos, o aplicado pola Xunta de Galicia cun aparcamento de pago no hospital; e a do Concello de Vigo que é un modelo de aparcamento gratuíto.

En todo un ano de crise sanitaria provocada pola covid-19 a Xunta de Galicia non foi capaz de poñer a disposición das persoas que van vacinarse o aparcamento deste hospital gratis. Isto demostra o nulo interese pola sanidade pública do Goberno autonómico.

Durante toda a pandemia o Hospital Álvaro Cunqueiro cobrou o seu aparcamento, cando debería facer unha excepción ante esta gran crise sanitaria.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que o aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro ten que ser gratuíto para todas as persoas e



especialmente para todas as persoas que van vacinarse nesta época de pandemia mundial.

A negativa de moitas persoas usuarias do Cunqueiro a pagar o estacionamento mentres asisten a unha cita médica, visitan a un familiar ou van vacinarse leva a aparcar os seus vehículos nas inmediacións do Cunqueiro. Todos os días pódense ver decenas de coches mal estacionados nas estradas do recinto e nos arredores das rotondas que conducen ao hospital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que o aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro sexa gratuíto con carácter inmediato para as persoas que acudan a vacinarse e que se adopten as medidas precisas para que sexa gratuíto, a maior brevidade, para todas as persoas usuarias deste hospital.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Isaura Abelairas Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/04/2021 17:43:30

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 19/04/2021 17:43:36

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 17:43:51





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2021 17:49:16
Nº Rexistro: 14477
Data envío: 19/04/2021 17:49:16.902

Marina Ortega Otero na data 19/04/2021 17:43:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 17:44:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Como varias veces nos últimos anos, a campaña de libre marisqueo nas zonas destinadas a este fin da ría de Arousa, a de maior produción marisqueira, tivo un resultado moi negativo en volume de recollida.

O aproveitamento das diferentes zonas foi desigual, con notorio descenso dos Lombos do Ulla, inmersos ademais nun problema de desatención por parte da Consellería que nega unha realidade evidente de perda de bivalvos pola non actuación en termos de dragaxe e control.

A zona de Cabío resultou tamén un fracaso, que provocou que moitos/as traballadores apenas seguisen a súa labor neste lugar despois dos primeiros intentos.

O Bohído puido resistir algo máis, pero a baixísima produción das outras zonas fíxolle sufrir unha explotación excesiva que tampouco é produtiva para todo o volume de persoas traballadoras no sector e que pon en perigo a súa capacidade de rexeneración para novas campañas.

Esta situación vén sendo demasiado habitual nos últimos anos, sen que a Consellería do Mar faga nada máis que buscar culpables externos á súa xestión mentres avoga por desatender as súas funcións de coidado da ría, saneamento e dragados necesarios para minorar os problemas derivados das riadas.

De seguir así a situación varios colectivos e patróns maiores apuntan que as vindeiras temporadas terán un éxito igual de malo ou peor, e demandan afrontar a situación con decisión.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a frear a desatención aos bancos marisqueiros da ría de Arousa e configurar unha mesa de traballo permanente coa participación común dos representantes do sector, investigadores, expertos en marisqueo e administración, que deseñe un plan multianual para recuperar a maior produtividade posible, así como a dotar economicamente as partidas necesarias para poder levar a cabo as medidas que se decidan.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 18:10:36

Patricia Otero Rodríguez na data 19/04/2021 18:10:42

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 18:10:52



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención continuada e sistemática de diversas enfermidades é unha cuestión xa ordinaria para o noso sistema sanitario público, que atende con gran calidade no plano asistencial afeccións de todo tipo. Os avances clínicos e a capacidade dos/as profesionais do noso sistema sanitario conseguen mellorar a calidade de vida e os tratamentos as persoas que o necesitan en niveis de gran excelencia.

Non en tanto existen problemas de xestión e de operatividade que dificultan que esta continuidade teña pleno rendemento e permita a maior calidade asistencial posible.

Este é o caso de persoas cuxo tratamento ten unha periodicidade moi curta que non permite alterar unha dose ou sesión, que implica a asistencia a centro sanitario cada día ou dous días, pero que ten un alto nivel de especificidade que tampouco permite unha fácil resolución a través doutro centro ou atención que non sexa a súa habitual e propia. Nestes casos a existencia dunha fin de semana, unha ponte ou a continuidade de varias xornadas festivas, altera a dispoñibilidade destes tratamentos e o seguimento continuado e idóneo que é clinicamente recomendado.

Nestes casos, unidades ambulatorias de tratamentos, a dispoñibilidade prevista nos centros sanitarios máis próximos e habilitados aos pacientes, ou solucións semellantes, poderían facilitar a atención e a calidade asistencial.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a mellorar a dispoñibilidade de tratamentos en servizos permanentes ininterrompidos que permitan, dentro das habilitacións necesarias e as posibilidades operativas para cada caso, dispoñer dos tratamentos específicos para pacientes que precisen un seguimento continuado e con periodicidade moi concreta.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 18:09:02

Marina Ortega Otero na data 19/04/2021 18:09:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 18:09:17



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No Acordo sobre o novo modelo de Servizo Público de Emprego asinado en 2007, o primeiro que establece son os obxectivos:

- O primeiro obxectivo é a colocación dos demandantes de emprego.
- O segundo grande obxectivo é a mellora das posibilidades de colocación dos desempregados (mellora da empregabilidade). Isto supón establecer con cada demandante que aspectos debe reforzar (itinerario de inserción) e como pode facer para buscar un traballo (plan de busca de emprego).
- O terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade, utilizando para iso tanto medidas que incentiven como que realicen un seguimento da contratación

En relación co primeiro obxectivo sobre a colocación dos demandantes de emprego, no primeiro trimestre deste ano houbo en Galicia un total de 65.032 demandas que foron baixa por colocación. Desas demandas soamente 490 foron colocacións xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A capacidade de intermediación que ten o SPEG dirixido por esta conselleira é do 0,8 %. Obviamente o SPEG non cumpre co obxectivo da colocación dos demandantes de emprego.

No primeiro trimestre dos cinco últimos anos en Galicia houbo un total de 297.806 baixas de demandas por colocación; soamente 5.735, o 1,9 %, foron xestionadas polo SPEG. Se miramos aos servizos públicos de emprego das demais comunidades, sen que en ningunha se poda falar de que se acade ese obxectivo, a porcentaxe de colocacións xestionadas nos primeiros trimestres



destes últimos cinco anos, entre 2017 e 2021, oscila entre o 17,1 % de Estremadura e o 2,4 % de Euskadi.

Galicia representa o 4,9 % de todas as colocacións de persoas demandantes que se producen no Estado e soamente o 1,7 % das baixas xestionadas con oferta previa. Pero parece que o grao de colocacións mediante oferta de emprego non é algo que lle preocupe á Consellería.

O segundo obxectivo é a mellora da empregabilidade das persoas demandantes artellándoa a través de itinerarios de inserción e plans de busca de emprego.

O requisito imprescindible para facer os itinerarios de inserción é ter unha análise das necesidades do mercado de traballo local do demandante. Unha análise que debe facerse a curto e medio prazo. Se non sabemos cales son as necesidades de emprego, ¿como imos facer itinerarios de inserción? O requisito imprescindible para facer os plans de busca de emprego é coñecer as competencias do demandante de emprego, o seu nivel de profesionalidade na ocupación ou nas ocupacións nas pretende buscar emprego. Non se pode buscar emprego naquelas ocupacións nas que non hai un nivel competencial suficiente. Se non coñecemos o nivel de competencias dun demandante, como imos facer o seu plan de busca de emprego?

Ningún destes dous requisitos imprescindibles os coñecemos e, o que é moito peor, tampouco parece que dende a Consellería busquen procedementos para coñecelos. Non é a súa preocupación.

Tampouco é preocupación da Consellería nin do Goberno de Galicia gastar os fondos asignados ás políticas de emprego, ás políticas de mellora da empregabilidade. Durante o goberno de Feijóo, deixaron sen gastar 688 millóns de euros dos fondos para a formación no emprego, para parados e ocupados. Non gastaron o 43 % de todo o crédito entre 2009 e 2020, pero nos últimos catro anos esa porcentaxe subiu ata o 52,3 %, non gastaron 257 millóns de euros. Eses fondos maioritariamente proceden de transferencias finalistas do Estado.

O terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade. Obviamente non fai falta falar moito sobre eles. O volume de traballo que se perdeu baixo o goberno de Feijóo foi do 15,5 % do existente. Entre 2008 e 2019 perdéronse 6,7 millóns de horas de traballo, o equivalente a 178.844 postos de traballo a tempo



completo, unha perda do 14,8 %. Coa pandemia, entre 2019 e 2020, a perda foi de 313 mil horas, o equivalente a outros 8.352 postos, co que se acaba a perda do 15,5 %.

Pese a ese volume de perda de traballo, tampouco foron quen de gastar os créditos dispoñibles nas políticas de fomento do emprego. Deixaron sen gastar 723 millóns de euros, o 34% do crédito que dispuxeron. Dos créditos orzamentarios que tiveron para políticas de emprego deixaron sen gastar 1.487 millóns de euros, o 36,7 % de todos os fondos que dispuxeron. Se a estes fondos lles engadimos os 53,5 millóns de euros non gastados en “Relacións laborais, saúde laboral e economía social” temos os 1.540 millóns de euros non gastados.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaboración e posta en marcha de procedementos para que o Servizo Público de Emprego de Galicia chegue a tramitar nos próximos seis meses as mesmas ofertas coa media estatal e no próximo ano se sitúe entre a media das cinco comunidades que teñen un maior volume de ofertas en relación coas colocacións.

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/04/2021 18:27:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 14497
Data envío: 19/04/2021 18:31:22.438

Marina Ortega Otero na data 19/04/2021 18:28:04

Julio Torrado Quintela na data 19/04/2021 18:28:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 18:28:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O pasado 15 de abril no consello da Xunta a Consellería de Facenda e Administración Pública presentou un informe sobre as actuacións de control tributario 2020, así como sobre o peche do exercicio orzamentario 2020, no que se expoñía que *“A pandemia supuxo en 2020 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 629 millóns de euros”*, e manifestando que o Goberno galego gastara todo o necesario para atender todo o relativo á pandemia controlando, ao tempo, o déficit e a débeda.

No dito informe tamén se comunicaba a análise dun informe sobre o impacto da suspensión do pagamento de impostos autonómicos entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 por mor da pandemia, beneficiando a 43.125 familias, así como da concesión por parte da Axencia Tributaria de Galicia de 2.003 aprazamentos de impostos por importe de 12,9 millóns de euros.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Achegue aos grupos parlamentarios, neste mes de abril, os informes sobre as actuacións de control tributario 2020, así como o informe sobre o peche do exercicio orzamentario.

2º) Achegue aos grupos parlamentarios o informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio 2020.

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/04/2021 17:03:54

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/04/2021 17:04:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/04/2021 17:04:23



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia atópase inmersa nun contexto de pandemia motivado pola Covid-19. Case un 40% dos falecementos por tal causa, aconteceron en centros de atención residencial. Ao longo de todo este tempo, dende que deu inicio a lexislatura marcada polos acontecementos da pandemia, dende o Grupo Socialista fixéronse propostas construtivas de cara a evitar contaxios masivos no contexto das residencias de maiores.

O certo é que a nosa proposta principal foi instar a Xunta de Galicia a elaborar un protocolo de evacuación de todas as persoas positivas por Covid nos centros de atención residencial para persoas maiores. Pero a realidade deixou numerosos gromos masivos nas residencias de maiores, e a Consellería de Política Social non aceptou a proposta que dende o Grupo Socialista se lle trasladou para evacuar ao total de positivos das residencias coa maior inmediatez.

O contexto residencial mudou grazas ás vacinas que chegaron a Galicia. Inmersos no proceso de vacinación, o núcleo poboacional de maiores residentes nos centros xa está inmunizado.

Tendo en conta a inmunización das persoas maiores nas residencias, e que o Comité Asesor Sociosanitario xa deu comezo (aínda que sen datos ao respecto), é importante revisar certas irregularidades que dende o propio Informe do Consello de Contas, na etapa pre-Covid, se deron a coñecer publicamente.

Polo que hoxe é fundamental que se garanta a normativa, especialmente nos cadros de persoal establecidos, nos centros de atención residencial galegos. Pero dentro da normativa, se establece unha diferenciación neste sentido, cando falamos de usuarios ou usuarias con demencia. Neste caso as condicións cuantitativas e cualitativas do persoal (entre outras cuestións) varían. Dende o Grupo Socialista consideramos urxente que, tendo en conta que, un número de



persoas maiores que viven en residencias é moi elevado, ten demencia (máis dun 62 %), é preciso diferenciar os casos mediante a especialización dentro dos propios centros de atención residencial, e así mesmo incrementar o persoal que a normativa esixe. Xa que, na propia Carteira de servizos para persoas dependentes con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas se especifica a normativa diferenciada nestes casos.

Así mesmo, tras coñecer os datos de inspeccións a centros por parte da Consellería de Política Social, dende o Grupo socialista consideramos clave revisar o número de persoal que forma parte destes equipos, e incrementar o mesmo, tal e como xa propuxemos en anteriores iniciativas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar a proporción de persoas maiores usuarias de centros residenciais con demencia, para a discriminación positiva que precisan no marco normativo da propia Carteira de Servizos para persoas dependentes con Alzheimer e outras demencias, así coma incrementar significativamente o número de técnicos de inspección de centros, dependentes da Consellería de Política Social, para a correcta supervisión dos mesmos.”

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 20/04/2021 10:34:19

Julio Torrado Quintela na data 20/04/2021 10:34:33

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/04/2021 10:34:44



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, José Antonio Armada Pérez, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos:

A Administración de Xustiza é competencia exclusiva do Estado (artigo 149.1.5ª da CE). Facendo uso desta competencia exclusiva, e mesmo da súa competencia exclusiva para a creación de novas unidades xudiciais, o pasado ano o Goberno da Nación aprobou a Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza, acordando na súa disposición adicional quinta a creación de 100 unidades xudiciais no prazo de 3 anos.

A esta necesidade de axilizar a actividade nas xurisdicións máis afectadas pola crise da COVID-19 corresponderon a creación nunha primeira tanda de 33 unidades con cargo á programación estatal do ano 2020 (Real decreto 1050/2020, do 1 de decembro), entre as que se atoparon os 3 xulgados do social en Galicia que foron consensuados por unanimidade da Comisión Mixta e que entraron en funcionamento o 31.03.2021 en Lugo, na Coruña e en Vigo.

A pesar de que a metade dos xulgados creados con cargo á programación 2020 aínda non están en funcionamento, e que incluso algún deles nin sequera teñen previsión para a posta en marcha, -como sería o caso de sete órganos do territorio Ministerio-, o Goberno da Nación vén de anunciar a creación con cargo á programación 2021 de 60 unidades xudiciais máis, das cales o Ministerio lle asignou a Galicia outras 3.

Dado o contexto de creación de xulgados para facer fronte á COVID, no seo da Comisión Mixta que tivo lugar en marzo, tanto a Xunta de Galicia como os máximos representantes do Poder Xudicial de Galicia coincidiron por unanimidade en que o máis perentorio era concretar as ditas 3 unidades asignadas a Galicia nun novo xulgado mercantil na Coruña e senllas prazas de maxistrado para as seccións civís das

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



audiencias provinciais de Lugo e de Ourense (que tamén coñecen de cuestión mercantís, entre outras), e así lle foi comunicado ao Ministerio de Xustiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que este acometa os trámites legais en prol da creación de novas unidades xudiciais no marco da programación 2021 que permitan poñer en marcha en Galicia os novos órganos que de xeito unánime consensuou a Comisión Mixta, que se concretan no Xulgado Mercantil N.º 3 da Coruña e senllas prazas de maxistrado nas seccións civís das audiencias provinciais de Lugo e de Ourense”.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/04/2021 14:46:10

Paula Prado del Río na data 20/04/2021 14:46:30

José Manuel Rey Varela na data 20/04/2021 14:46:58

José Antonio Armada Pérez na data 20/04/2021 14:47:22

José Alberto Pazos Couñago na data 20/04/2021 14:47:47

María Sol Díaz Mouteira na data 20/04/2021 14:47:56

Noelia Pérez López na data 20/04/2021 14:48:08

Ana Belén García Vidal na data 20/04/2021 14:48:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, José Antonio Armada Pérez, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos:

A crise sanitaria xerada pola COVID-19 impactou en todos os ámbitos, entre eles no eido da Administración de Xustiza, no que a redución xeneralizada da actividade xudicial non esencial durante o primeiro estado de alarma e confinamento supuxo unha importante repercusión no curso dos procesos xudiciais.

Pero ademais, as consecuencias da pandemia non só atinxen á necesidade de recuperar o traballo correspondente a aquelas actuacións xudiciais que tiveron que ser suspendidas durante aquel intre, senón que esta crise tamén incidirá no futuro nun incremento da litixiosidade en órganos xudiciais especializados, como en laboral e mercantil, por mor da paralización de determinados sectores industriais e empresariais (despidos, impugnacións xudiciais de expedientes de regulación de emprego, concursos de acredores, reclamacións no eido do consumo, etc.)

Actualmente, determinadas medidas adoptadas polo Goberno da Nación en relación cos traballadores e as empresas (como a prolongación da vixencia dos ERTes ou as ampliacións dos prazos para declarar concursos de acredores) supoñen que o groso do previsible impacto nos xulgados e tribunais está aínda por chegar.

Para afrontar estes efectos, o Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, anunciaba a aprobación polo Goberno da Nación dun *Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís*, que foi aprobado polo Consello de Ministros o 7 de xullo de 2020.

A imprevisible evolución da inédita situación que supón a pandemia, levou ao Goberno a deseñar o despregue do dito Plan en dúas fases: unha primeira, a desenvolver no período setembro-décembro 2020, concentrada nos xulgados do social e mercantís; e unha segunda fase, a desenvolver neste ano 2021, que engade os órganos colexiados das ditas xurisdicións, así como introduce equipos de asignación dinámica a disposición dos



Tribunais Superiores de Xustiza que o Ministerio está a rematar de perfilar. E neste mesmo contexto, cómpre salientar as novas unidades xudiciais cuxa creación enmarca o Ministerio con cargo á súa programación para estes anos 2020-2021.

Isto é: o Plan aprobado polo Goberno da Nación determinou as medidas a adoptar nos distintos xulgados que así identifica en todo o Estado, se ben cómpre salientar que as ditas medidas implican importantes custos para as administracións instrumentais dos medios materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza, ao definir actuacións que van desde a dotación de retribucións extraordinarias ao persoal dos órganos xudiciais para a súa participación en programas de actuación por obxectivos, como a dotación de persoal de reforzo externo naqueles xulgados que xa concentraban un volume de traballo moi elevado, e mesmo a creación de novos xulgados.

Afrontar as medidas contidas no plan deseñado polo Goberno da Nación para toda a Administración de Xustiza, require dun importante esforzo de atención e de planificación orzamentaria por parte das Administracións autonómicas ás que lles corresponde o 90% do custo na súa dotación (locais, mobiliario, funcionarios, etc.), como se tivo ocasión de dar conta no Consello da Xunta do 23 de xullo de 2020.

Así, boa parte das medidas previstas polo Goberno da Nación para a recuperación no ámbito da Administración de Xustiza, supoñen para a Comunidade Autónoma – provedora dos medios auxiliares da Administración de Xustiza-, a execución dunha serie de actuacións que superan amplamente e de maneira sobrevida os servizos predefinidos aos que se circunscribía o sistema de financiamento tras o traspaso dos ditos medios (Reais decretos 2166/1994 e 2397/1996), polo que requiren da ineludible achega económica por parte do Estado a tal fin.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Atender, en coordinación cos representantes do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza, as necesidades determinadas no Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial elaborado para a Administración de Xustiza.
2. Instar ao Goberno de España a efectuar a achega económica necesaria para afrontar as medidas de recuperación previstas no ámbito da Administración de Xustiza pola ampliación sobrevida de actuacións non contempladas no sistema de financiamento no momento do traspaso de competencias.”



Santiago de Compostela, 20 de abril 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/04/2021 14:55:35

Paula Prado del Río na data 20/04/2021 14:55:49

José Manuel Rey Varela na data 20/04/2021 14:56:01

José Antonio Armada Pérez na data 20/04/2021 14:56:22

José Alberto Pazos Couñago na data 20/04/2021 14:56:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Sol Díaz Mouteira na data 20/04/2021 14:57:02

Noelia Pérez López na data 20/04/2021 14:57:15

Ana Belén García Vidal na data 20/04/2021 14:57:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e María Felisa Rodríguez Carrera** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

O Goberno de España vén de aprobar un Real Decreto polo que se crea e regula a Comisión Nacional para a conmemoración do 50º aniversario do pasamento de Pablo Picasso que terá lugar no ano 2023.

Baixo a Presidencia de Honra de Sus Majestades los Reyes, a Comisión Nacional nace como un órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Cultura y Deporte. O seu obxectivo será impulsar e coordinar as actividades que leve a cabo a Administración Xeral do Estado para celebrar esta efeméride. Así mesmo, deberá promover a colaboración entre as distintas administracións para poñer en valor ao artista español.

De acordo ao Real Decreto, a Comisión estruturarase en distintos órganos entre os que se contan os museos de El Prado e o Centro de Arte Reina Sofía, así como representantes da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Nestes momentos non consta que se teña solicitado de xeito formal a presenza de ningún membro da Xunta de Galicia, a pesar do papel clave que a nosa Comunidade, especialmente A Coruña, tivo sobre o pintor.

Nesta cidade o artista pasou cinco anos da súa vida, dos 9 aos 13 anos, unha estadia clave para a súa formación, na que iniciou os seus estudos de arte e perdeu á súa irmá pequena, un suceso que marcou a súa vida para sempre.

Neste período Picasso comeza a debuxar a carboncillo e a plumilla os modelos que atopaba nas rúas coruñesas e realiza grandes avances que o levan a aventurarse no mundo dos cadros ao óleo, realizando as primeiras pinturas "picasssianas".

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda pronunciarse a favor de que a Xunta de Galicia demande ao Goberno do Estado que a Administración Autónoma galega estea representada na Comisión Nacional para a conmemoración do 50º aniversario do pasamento de Pablo Picasso”.

Santiago de Compostela, 20 de abril 2021.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/04/2021 15:40:56

Ovidio Rodeiro Tato na data 20/04/2021 15:41:13

Teresa Egerique Mosquera na data 20/04/2021 15:41:23

José Luis Ferro Iglesias na data 20/04/2021 15:41:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 20/04/2021 15:41:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/04/2021 15:42:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 20/04/2021 15:42:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 20/04/2021 15:42:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Carmen Rodríguez Dacosta e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 20 de abril a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 cunha dotación orzamentaria de 1.500.000 € consignados na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, a mesma contía que en exercicios anteriores, *establecendo como obxectivo fundamental facilitar a mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas a través da adquisición de experiencia profesional.*

Na propia exposición de motivos establécese que corresponde á Consellería de Emprego e Igualdade *“A xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego e de acordo coa Axenda 20 para o Emprego, e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia”.*

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Habilitar a cantidade de 8,5M € para incrementar a contía consignada na convocatoria destas axudas para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais ata chegar a 10M €.



2º) Establecer un período mínimo de 6 meses para as persoas desempregadas no caso de contratos a tempo completo, e de doce meses para os contratos a media xornada.

3º) Suprimir o punto 7 do artigo 11 da convocatoria de subvención.

4º) Elaborar un informe que abrangue os últimos cinco anos no que se recollan as contías asignadas, os concellos beneficiados, o número de persoas participantes e a súa inserción no mercado laboral, así como a valoración dos concellos sobre esta subvención. O dito informe debe ser entregado a esta cámara para o seu coñecemento e debate.

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/04/2021 11:45:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/04/2021 11:45:48

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/04/2021 11:46:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 11:47:07



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A Constitución española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os principios reitores da política social e económica, dentro dos dereitos e deberes fundamentais, ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito –gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de autonomía de Galicia se establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a esas políticas activas, o Goberno galego aprobou o *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita. Este plan desenvolveu unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

Cabe entender que para acadar os obxectivos previstos no Plan RehaVita os orzamentos da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda inclúen, entre outros, o programa 451B - Acceso á vivenda, sendo o Instituto Galego de Vivenda e Solo o órgano encargado da súa xestión. Este programa ten como obxectivo facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, atendendo a aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas, seguindo as



directrices establecidas no Plan RehaVita e no Plan estatal de vivenda 2018-2021.

No orzamento do ano 2020, último dos que temos datos de execución orzamentaria, este programa estaba dotado con 10.748.000 € (o que xa de por si supoñía unha inexplicable rebaixa con respecto aos 28.820.000 € orzamentados no ano 2019), que serían incrementados, logo das modificacións orzamentarias realizadas, a 27.451.000 €.

Por si a falla de compromiso co desenvolvemento deste programa non fose evidente á vista redución experimentada no crédito inicial con respecto ao ano anterior, os datos de execución en canto ás obrigas recoñecidas despexan toda dúbida, xa que son 9.854.000 €, é dicir, unha execución orzamentaria de tan só un 35,9 % con respecto a o crédito modificado.

Para a avaliación deste programa o propio orzamento prevé catro indicadores e os valores que se esperan acadar para cada un deles. Aos efectos que interesan nesta iniciativa, son dous os que nos preocupan:

- Vivendas de promoción pública licitadas, cun valor previsto de 26.
- Axudas concedidas para o acceso á vivenda, cun valor previsto de 4.123.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar no Parlamento de Galicia un informe, antes do remate deste período de sesións, das razóns que xustifican o baixo nivel de execución do programa 451B - Acceso á vivenda durante o ano 2020, así como as repercusións sobre os colectivos potencialmente beneficiados.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/04/2021 12:42:43

Patricia Otero Rodríguez na data 21/04/2021 12:42:56





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2021 12:51:50
Nº Rexistro: 14553
Data envío: 21/04/2021 12:51:50.409

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 12:43:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En outubro do ano 2020 o Grupo Parlamentario Socialista presentaba unha iniciativa en relación ao Centro de Saúde de Pereiro de Aguiar, fundamentada en que en novembro do 2017 o Goberno galego anunciaba a construción dun novo centro de saúde, ante a falta de espazos axeitados para a atención dos e das pacientes adscritos ao centro. Petición que xa fora feita polo Grupo Municipal Socialista no ano 2017, presentando ao efecto unha moción na que solicitaba a Xunta de Galicia a construción dun centro de saúde con dotación de medios materiais e humanos suficientes para as necesidades de poboación, con especialidades novas en pediatra, fisioterapia e Atención Primaria, xunto co persoal sanitario necesario, dado que o actual atopábase nunha situación precaria por falta de espazo, ocupando parte do edificio do Concello.

Foi en novembro do ano 2017 cando a Xunta de Galicia anunciaba a construción dun novo centro de saúde. En concreto na Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, en data 14 de novembro do 2017, o xerente do Servizo Galego de Saúde, anunciaba a licitación do mesmo, despois de asinar un convenio co Concello de Pereiro de Aguiar.

A Mesa de Contratación da Axencia Galega de Infraestruturas publicou en outubro do ano 2018, a proposta de construción dos traballos a empresa gañadora do concurso, licitada por 1.124.785 euros, contando o edificio cunha superficie de 682 metros cadrados, aumentando un 54% o espazo actual, así mesmo, no interior a nova infraestrutura ten tres consultas de medicina xeral, dúas de enfermería, unha sala polivalente, unha consulta de muller, **e un área de pediatría específica de 90 m² (15 % da superficie do centro)**. En data 16 de novembro do ano 2018 se formalizaba un contrato cunha duración de 16 meses.



Na data de presentación da iniciativa e despois de dous anos de retraso, e cando despois de todo o acontecido o edificio estaba rematado pero non se procedera a súa apertura, instamos ao Goberno a súa apertura.

E de facer constar que o Concello de Pereiro conta cunha poboación de 6.275 habitantes e o centro de saúde ten adscritas 3.500 tarxetas sanitarias aproximadamente, das cales 275 pertencen a menores de 14 anos.

Seis meses despois, vémonos na obriga de reincidir neste tema por canto o servizo de pediatría, tan necesario entre a poboación de Pereiro de Aguiar, e cuxa posta en marcha se prometera polo Goberno galego xunto co servizo de fisioterapia, aínda non está operativo é polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a maior brevidade proceda a cobertura do servizo de pediatría e do servizo de fisioterapia no Centro de Saúde de Pereiro de Aguiar da provincia de Ourense.

Pazo do Parlamento, 21 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/04/2021 13:17:17

Julio Torrado Quintela na data 21/04/2021 13:17:25

Marina Ortega Otero na data 21/04/2021 13:17:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 13:17:42



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

As novas tecnoloxías teñen permitido aos bancos lanzar novos proxectos e novas canles de distribución que na práctica están a mudar os elementos tradicionais: aplicacións, xestores comerciais online ou sistemas de alerta no teléfono substitúen aos caixeiros, sucursais e persoal das oficinas.

É verdade que estes cambios teñen permitido a incorporación o sistema bancario de colectivos que durante anos non empregaban as entidades financeiras. Pero tamén teñen ampliado o risco de que moitas persoas que habitualmente non empregan internet ou dispositivos móbiles queden discriminados polo sistema.

Son as persoas maiores e aquelas con baixo nivel de renda ou con algún tipo de discapacidade as principais prexudicadas por este proceso.

Así mesmo, a continua dixitalización levada a cabo pola banca está a dificultar o acceso a diñeiro efectivo por parte do segmento de poboación que o emprega como medio de pago principal o único.

Segundo informes do Banco de España 2 de cada 3 españois maiores de 65 anos non utilizan internet e o 2 % da poboación non ten cerca caixeiros ou sucursais nos que conseguir diñeiro efectivo.

Segundo datos do Banco de España, referidos o mes de decembro de 2020, en Galicia quedan 167 oficinas bancarias radicadas en Ourense, 498 na Coruña, 196 en Lugo e 365 en Pontevedra. Estes datos indican que dende o ano 2008 pecharon en Galicia aproximadamente 1.000 oficinas bancarias.

A realidade galega amosa que 45 concellos no que vive un 2 % da poboación galega carecen de oficina bancaria e que en 118 concellos (8 % da poboación) só contan cunha oficina. Dentro das catro provincias galegas, porcentualmente é en



Ourense onde máis oficinas bancarias se levan pechado dende o ano 2008, sendo esta provincia a quinta con menos oficinas de banca de toda España.

O peche continuado de oficinas bancarias unido ás dificultades de acceso dixital que teñen determinados colectivos están a provocar exclusión financeira e merma de dereitos básicos e fundamentais da cidadanía, especialmente nos concellos do rural galego.

Diante desta situación, é preciso que as diferentes Administracións actúen para evitar barreiras de acceso para os colectivos alleos ou menos familiarizados co entorno dixital, dado que as tecnoloxías poden supoñer un novo xeito de exclusión social.

Tal como reconece o propio Fondo Monetario Internacional, a profundización financeira é dos factores que xera máis desigualdade nas sociedades xa que, pola súa complexidade, se acaba dirixindo exclusivamente aos habitantes máis ricos.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia:

1. Insta o Goberno do Estado a promover un marco xurídico e regulatorio axeitado que garanta o dereito de todos/as os galegos/as o acceso os servicios financeiros básicos
2. Insta a Xunta de Galicia a promover un marco de negociación coas entidades financeiras presentes no territorio para que estas no marco da súa “responsabilidade social” garantan a prestación de servizos financeiros en concellos que carecen de oficina bancaria.
3. Insta a Xunta a promover a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia campañas de formación dixital sobre banca electrónica dirixida os colectivos máis prexudicados polo peche das oficinas bancarias, especialmente nos concellos do rural.



4. Insta a Xunta de Galicia a acadar os protocolos necesarios coas entidades financeiras presentes no territorio para dotar de caixeiros automáticos a todos os concellos do país que carecen de oficina bancaria.

Pazo do Parlamento, 21 de abril do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/04/2021 13:29:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/04/2021 13:29:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 13:30:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz solicita a esa Mesa a seguinte **corrección de erros** nos documentos con número de rexistro **14564** e **14565**.

Corrección de erros

No punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei onde di:

“1. Insta o Goberno do Estado a promover...”, debe dicir: “1. Insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a promover...”.

Pazo do Parlamento, 26 de abril do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 26/04/2021 16:19:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/04/2021 16:19:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/04/2021 16:19:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Recentemente coñeciamos un novo recorte no sector financeiro galego; o Banco Santander anunciaba a saída inmediata, entre despidos, xubilacións, baixas incentivadas e pre-xubilacións de 3.300 empregados/as no conxunto do estado español, dos que 370 corresponderían a traballadores/as de Galicia, onde ademais se pecharán 80 oficinas e se levarán a cabo externalizacións cara os call centers.

Con esta reestruturación do Banco Santander, Galicia será novamente unha das comunidades máis afectadas no seu cadro de persoal. A razón atopámola na “dixestión” do Banco Popular e, a súa vez, do antigo Banco Pastor, que ten provocado que en Galicia o Santander teña 1.800 empregados/as sobre un total de 27 mil en toda España.

Con anterioridade, aínda que con menor impacto, a fusión de Bankia e Caixabank e o ERE anunciado está xerar incerteza nos 633 empregados/as da banco catalán (160 oficinas en Galicia) e os 128 do antigo banco intervido polo FROB (18 oficinas en Galicia).

Así mesmo o BBVA, está a iniciar conversas cos sindicatos para negociar un ERE que afectaría a 3.200 traballadores/as en España, mantendo en vilo os empregados/as que prestan o seu traballo nas oficinas de Galicia. Un Banco que no espazo dun ano reduciu un 8 % dos empregos galegos, pasando de 934 a 862 traballadores/as cos que contaba a finais do ano 2020.

Segundo datos publicados polos sindicatos bancarios, o ERE do BBVA vai afectar de xeito importante o mantemento das oficinas que este banco ten no rural galego, despois de que no ano 2020 se pechasen as oficinas de A Pastoriza, Ferreira de Pantón, Sober e Abadín, concellos onde BBVA era a única oficina.



Na mesma liña, Abanca, despois da integración do Banco Caixa Xeral de Depósitos no ano 2020 , provocou un axuste de persoal que afectou a 240 traballadores no conxunto do estado, especialmente en Galicia, onde pecharon as 35 oficinas existentes.

Con estes datos evidénciase que o sector financeiro galego está a sufrir un proceso de concentración severo que está a provocar unha forte destrución de emprego, unha restrición grave da oferta financeira, unha afectación da necesaria competencia no sector e unha incidencia real e efectiva na oferta crediticia e hipotecaria a respecto dos consumidores financeiros galegos; en definitiva, un mercado moito mais contraído e cativo , con xuros e comisións bancarias máis abusivas e con abundantes datos que amosan que Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dos procesos de reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas bancarias en moitos dos concellos galegos.

Si a todo este se lle engade o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a “brecha“ existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, atopámonos cunha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar as medidas necesarias para evitar a exclusión financeira das persoas consumidoras galegas.
2. Remitir á Cámara galega, no prazo de 15 días, un mapa financeiro galego, con identificación específica dos concellos que carecen de oficina bancaria.
3. Elaborar e remitir ao Parlamento de Galicia, no prazo de 15 días, un plan que contemple medidas específicas para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras financeiras galegas , así como poñer en marcha campañas de formación e capacitación dixital especialmente dirixidas aos habitantes dos concellos que carecen de oficina bancaria.



4. Remitir ao Parlamento, no prazo de 1 mes, un informe sobre o impacto que ten o proceso de concentración financeiro sobre o mercado crediticio e hipotecario galego, especialmente a respecto de persoas consumidoras minoritas e Pemes.
5. Impulsar, da man das entidades financeeiras radicadas no país, un plan de implantación de caixeiros nos concellos galegos que carecen de oficina bancaria.

Pazo do Parlamento, 21 de abril do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/04/2021 14:21:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/04/2021 14:22:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 14:22:36



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A campaña de vacinación contra a COVID supón a ferramenta máis potente de combate contra a pandemia, e tamén un instrumento que permitirá a recuperación da maior e máis segura actividade dende o inicio o pasado marzo das medidas de confinamento e/ou restricións.

Esta situación está a supoñer unha esperanza e a ser motivo de grande expectativa por parte de todos os sectores implicados tanto dende a propia sanidade, como os sectores económicos e, en definitiva, de toda a cidadanía.

A preparación da campaña de vacinación vén de longo, e os acordos e colaboración mutua entre Ministerio e CCAA vén advertindo a necesidade de que a campaña sexa deseñada e executada coa maior eficiencia posible. Así, o Ministerio ten garantido a subministración de doses de vacinación, con protocolos de entrega e calendarización destas para que as comunidades autónomas poidan desenvolver a práctica operativa da vacinación.

Con todos estes elementos, resulta moi importante ter toda a preparación necesaria e os reforzos precisos para desenvolver esta campaña coa maior intensidade posible, aproveitando todas as posibilidades e espremendo ao máximo as opcións que o sistema sanitario público ofrece, que son moitas.

A pesares de todo isto, existen algúns problemas na xestión da campaña que non son resoltos de maneira eficiente pola Dirección do Sergas e que deberan ter sido afrontados dende o inicio. Un destes problemas ten que ver coa vacinación das persoas aseguradas mediante mutuas privadas, que xa non foron tidas en conta durante os cribados nos momentos de maior gravidade epidemiolóxica e que na actualidade non están sendo incluídas no proceso de vacinación de maneira correcta. Son multitude de casos os coñecidos que atopan como o sistema está a funcionar para algunha parte da poboación pero eles/elas non están sendo chamados no momento temporal que deberían segundo o plan de vacinación.



Outras comunidades autónomas, nas que evidentemente tamén existe este tipo de colectivos, están funcionando de maneira correcta e eficiente na chamada e prelación dos colectivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar o persoal destinado a fortalecer o proceso de vacinación, así como a deseñar sistemas máis eficientes de estruturación e utilización dos datos de toda a poboación, para que o colectivo de mutualistas non vexa prexudicado o seu dereito de acceso á vacina en equidade con respecto do resto da poboación.

Pazo do Parlamento, 21 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/04/2021 15:45:17

Marina Ortega Otero na data 21/04/2021 15:45:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 15:45:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O ex presidente da Xunta de Galicia Manuel Fraga ideaba xa nos últimos anos do seu mandato o macrocomplexo da Cidade da Cultura, que pretendía ser un centro onde converxese de maneira exclusiva a cultura nas súas múltiples manifestacións, mais non parece que quede moito dese propósito inicial, que nada ou pouco parece ter que ver cun verdadeiro centro cultural de creación e expresión artística.

A Cidade da Cultura, que este ano cumpre o seu décimo aniversario, foi no seu inicio planeada polo arquitecto Eisenman como un proxecto que tería seis grandes edificios, dos que dous foron paralizados definitivamente en 2013 polo Goberno galego presidido polo Sr. Feijóo: o Teatro e o Centro de Arte.

Efectivamente, o goberno do PP decidiu paralizar as obras da Cidade da Cultura en 2013 e cinco anos despois rectificou e anunciou que retomaba as obras pero xa con proxectos diferentes, como son o Edificio Fontán ou o Centro de Ciberseguridade de Galicia. Recentemente, coñecemos ademais que a Xunta de Galicia cederá un dos principais espazos do complexo a Indra para situar nel un centro tecnolóxico.

Nestes momentos, a Cidade da Cultura consta dos seguintes edificios de servizos:

- Museo Centro Gaiás. Con irregulares exposicións e sen colección permanente.
- Biblioteca e Arquivo de Galicia: refundidos nun único espazo, pese a que inicialmente serían dous edificios. Isto provocou serios problemas de espazo no depósito dos fondos.
- Centro de Emprendimiento Creativo: emprazado no que debería ter sido o edificio do Arquivo e hoxe ocupado por empresas de coworking e incubadoras. A actual Sala Eissman deste centro acaba de cederse á



empresa privada Indra para a posta en marcha do Centro de Excelencia en Tecnoloxías Innovadoras en el Ámbito Socio Sanitario (CETISS).

- Centro de Innovación. Usos administrativos e sede da Amtega.

Temos entón que, ademais de diversos espazos axardiñados e de entretemento ao aire libre, actualmente na Cidade da Cultura conviven e convivirán en breve espazos de coworking, a Axencia oficial de Modernización Tecnolóxica, o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Centro de Excelencia en Tecnoloxías Innovadoras no Ámbito Socio Sanitario (CETISS) e o Centro de Ciberseguridade de Galicia cun museo sen colección permanente que semella máis un mero contedor expositivo e a Biblioteca e Arquivo de Galicia.

Diante desta perversión dos usos iniciais da Cidade da Cultura, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar un proceso participativo no que os distintos axentes do ámbito cultural de Galicia acheguen unha proposta de usos e dinamización da Cidade da Cultura, que se debería ter en conta no II Plan estratéxico da Cidade da Cultura.

Pazo do Parlamento, 21 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/04/2021 17:40:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/04/2021 17:40:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 17:40:43



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A situación política que vive o concello de Ourense podería definirse como esperpéntica, consecuencia das continuas disparatadas ocorrencias dun alcalde que goberna a cidade con tres concelleiros. Mais lonxe de resultar cómica, esta situación está a pór en perigo o transcorrer vital do concello da terceira cidade máis poboada de Galicia.

Exemplo disto é a actitude do goberno municipal cara á cultura, que pouco a pouco, ben con accións ou ben con ameazas, está a tentar dismantelar as institucións culturais de Ourense para así exterminar a cultura nesa cidade. Á ameaza de converter o Ánxel Valente en oficinas ou a suspensión de programación cultural hai que lle sumar, recentemente, a negativa a asinar o convenio da Rede Galega de Teatros e Auditorios con Agadic ou o anuncio de privatización do auditorio municipal.

Todo isto ten unhas consecuencias nefastas ás que hai que lle poñer freo de inmediato; de non ser así o vindeiro equipo de goberno de Ourense vai ter moi complicado recuperar a vida cultural da cidade xa que se vai atopar sen tecido empresarial nin industria cultural.

Da situación alertaban recentemente nun comunicado unánime as entidades culturais de toda Galicia e estes días o sector ourensán afectado. Poñían o foco na errática estratexia cultural do goberno local de Jácome, que obvia a rendibilidade social da cultura, que entende a cultura como o “show-bussines” ou que tenta desprestixiar o traballo da equipa do Auditorio Municipal.

A cultura é unha competencia propia da Xunta de Galicia. Os concellos e as deputacións teñen tamén, se é esa a vontade, capacidade para programar e mesmo para aplicar políticas propias nos seus ámbitos. Mais se nunha vila coma Ourense o que se pretende é anular e exterminar calquera acción cultural, consideramos que o Goberno Galego ten a obriga de actuar sen dilación ao respecto.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar urxentemente un plan de rescate cultural que asegure o mantemento das estruturas e do tecido cultural e creativo da cidade de Ourense.

Pazo do Parlamento 21 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 21/04/2021 17:35:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/04/2021 17:35:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/04/2021 17:35:57

Marina Ortega Otero na data 21/04/2021 17:36:09

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/04/2021 17:36:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 17:36:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Fai uns anos que por parte do persoal de enfermaría do Hospital Comarcal de Valdeorras, puxeron en comunicación certas cuestións que afectan aos dereitos das traballadoras ao efecto de ser nais, e máis en concreto na fase da lactancia.

En concreto, a máxima preocupación vén motivada pola exposición que estas traballadoras, pola propia profesión que exercen, poden ter a certas bacterias ou sustancias prexudiciais para o seu correcto e saudable período de lactancia.

Así mesmo, e tendo en conta que, por normativa, a administración ou órgano competente ten que facilitar un posto laboral adaptado que non expoña ás traballadoras e bebés en lactancia a ningún perigo, en ocasións as demoras temporais, ou mesmo, instar ás traballadoras a ocupar outro posto a distancias excesivamente longas respecto da súa residencia e posto laboral de orixe, fai que se poñan en cuestión certos dereitos.

A Orde do 16 de setembro de 2008, pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condición de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servicio Galego de Saúde especifica no artigo 4.2, *“Medida cautelar: as traballadoras que ocupen postos de traballo considerados de risco para a maternidade serán adscritas inmediatamente, con carácter provisional e mentres non se resolva este procedemento, a outro posto de traballo compatible coa protección da maternidade”*.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, como manifestación do principio xeral de adaptación do traballo á persoa previsto no seu artigo 15, establece a obriga empresarial de garantir de xeito específico a protección dos/as traballadores/as que polas súas singulares características persoais, o estado biolóxico coñecido, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo (artigo 25). Igualmente prevé medidas específicas de



protección da maternidade (artigo 26). En correspondencia, o persoal está obrigado a cumprir as medidas de prevención que se adopten para garantir a súa propia seguridade e saúde e a das persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional (artigo 29).

Artigo 2.2.2 A protección da saúde e a maternidade, e as medidas que resulten tecnicamente apropiadas para alcanzar en cada caso dita protección, teñen prevalencia sobre os criterios obxectivos de localización do persoal e determinación de condicións de traballo que veñan sendo aplicados, no seu caso, nas institucións sanitarias (concurso ou procedemento de traslados internos).

No Hospital Comarcal de Valdeorras existen numerosos escritos que se fixeron de parte, para reclamar unha maior protección fronte aos riscos laborais durante o proceso de lactancia. Así tamén, pola variación na retribución das traballadoras que se lles designa outro posto laboral durante o proceso de latancia. En concreto, en relación ao conxunto de retribucións do posto de orixe na Orde do 16 de setembro de 2008, pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, no art.5. c) indica que: *“Cando se trate de protexer a maternidade, e unha vez esgotadas as citadas posibilidades de actuación, a traballadora poderá ser adscrita a un posto de distinta categoría, alternativa e compatible coa saúde, sempre que para acceder a dita categoría non se require titulación específica e a traballadora acredite o nivel de titulación necesario para o acceso. Durante esta adscrición a traballadora conservará o dereito ao conxunto das retribucións do seu posto de orixe”*. Existen denuncias por incumprimentos nesta cuestións, polo que é un asunto a revisar por parte da Administración competente.

É significativo ademais o feito de que varias traballadoras informan de que unha vez solicitan a adaptación do posto laboral ás circunstancias sinaladas, se lles informa de que poden ser derivadas a lugares afastados significativamente, incluso a 1 hora e 45 minutos do seu posto de orixe, por exemplo. As mesmas entenden este feito como método disuasorio para evitar que as traballadoras continúen co trámite iniciado.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente coñecer se este tipo de cuestións están a suceder como norma no ámbito sanitario galego, ou só no contexto do Hospital Comarcal de Valdeorras, e en todo caso, motivado pola urxencia e protección das nais lactantes e os seus bebés.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore un informe e traslade ao Parlamento e/ou ao Consello Comarcal de Saúde sobre a situación das traballadoras sanitarias no período de lactancia e un Protocolo que informe en tempo e forma dos riscos de cada posto laboral a desempeñar por ditas traballadoras, así como garantir os dereitos das mesmas en canto ao mantemento do conxunto de retribucións do posto de orixe.”

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 21/04/2021 17:18:08

Julio Torrado Quintela na data 21/04/2021 17:18:26

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/04/2021 17:18:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 14 de abril fíxose público na edición dixital de www.eldiario.es/galicia un informe interno de ENCE que alerta sobre verteduras de mercurio á ría procedentes dos labores de desmantelamento e descontaminación das instalacións de ELNOSA.

Segundo se deduce da citada información xornalística este escrito foi remitido á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda competente para o outorgamento da AAI e en materia de solos contaminados. Nel faise referencia a outros anteriores, do 9/10/2019 e 14/10/2020, así como aos informes, investigacións, mostraxes, sondaxes e análises cuantitativas de riscos (ACR) elaborados pola empresa “Tecnoambiente”, que foron postos en coñecemento da citada Dirección Xeral e nos que se detectou a superación dos valores de mercurio establecidos no Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos potencialmente contaminados e que afectan ás augas subterráneas dos terreos ocupados mediante concesión por “ENCE Energía y Celulosa”, con potencial perigo para o persoal da fábrica e, por extensión, ás augas da ría e á veciñanza da zona.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A empresa ENCE responsabiliza da referida contaminación aos labores de desmantelamento e descontaminación das instalacións de ELNOSA e critica que na autorización concedida non se tivesen en conta os riscos para o solo, subsolo e augas subterráneas da concesión de ENCE e para os seus traballadores: “(...) no se hayan adoptado medidas de contención de la contaminación para evitar la afección al suelo conlindante a la actividad y a las augas subterráneas en una zona con influencia mareal y de alta pluviosidad que plantea como razonable la posibilidad de que se produzcan lixiviados”. Tamén se fai referencia a un informe do 11/02/2021 segundo o cal “los resultados obtenidos de mercurio en las aguas subterráneas son cada vez más elevados y muy dispares de un muestreo a otro desde que se iniciaron las obras de desmantelamiento y descontaminación de ELNOSA”.

Malia á gravidade destes feitos e dos datos da contaminación por mercurio, dos que a consellaría de medio ambiente ten coñecemento cando menos desde outubro de 2020, resulta altamente preocupante a opacidade con que actuaron tanto a empresas ELNOSA e ENCE como a ocultación da información por parte da consellaría de medio ambiente, xa que esta non se fixo chegar nin ao concello de Pontevedra nin á opinión publica

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Informar ao Parlamento, aos concellos da ría de Pontevedra e á opinión pública sobre a contaminación por mercurio dos terreos de ENCE e ELNOSA, sobre os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes e análises relacionados co proceso de desmantelamento e descontaminación dos terreos de fábrica de cloro e sobre os potenciais riscos para a ría, para o ambiente e para a saúde pública.

2. Elaborar e aprobar un plan de vixilancia e control do solo e das augas superficiais e subterráneas do complexo industrial de ENCE e ELNOSA en Lourizán.

3. Adoptar todas as medidas necesarias para protexer a poboación, o persoal da fábrica de ENCE, as augas superficiais e subterráneas, as augas da ría, os bancos marisqueiros.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2021 18:49:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/04/2021 18:49:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre medidas de mobilidade, compensación e reactivación no territorio transfronteirizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de febreiro entrou en vigor o peche de fronteiras entre España e Portugal, xustificado polo agravamento da crise sanitaria da COVID 19 que está a provocar unha grave emerxencia de saúde nos dous estados e que lle afecta intensamente tanto a Galiza como ao Norte de Portugal.

Independentemente da valoración que mereza esta medida de carácter xeral e uniforme, unha vez máis a súa aplicación práctica está sendo desenvolvida cun absoluto descoñecemento da situación real no territorio transfronteirizo, o que está a provocar fortes impactos engadidos, en custos económicos, de tempo, de impacto psicolóxico, ... ás persoas afectadas directamente por estas decisións, isto é, traballadoras esenciais que teñen autorización para pasar a fronteira mais que ven gravemente dificultada a mobilidade polo peche dunha grande parte dos pasos entre Galiza e Portugal.

Logo de máis de 1 ano de esgotadora e demoledora pandemia, parece que non se aprendeu nada da experiencia pasada, especialmente do peche que estivo en vigor entre os meses de marzo e xuño de 2020. Agora vólvense decretar desde os despachos de Madrid e Lisboa peches arbitrarios e inxustos de pasos fronteirizos, que se poderían





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evitar dispoñendo de máis medios policiais de control e poñendo en marcha instrumentos para facilitar a mobilidade como a tarxeta transfronteiriza, pensada neste contexto de crise sanitaria para favorecer a mobilidade de traballadores e traballadoras esenciais mais que no futuro se debería estender a toda a cidadanía para promover o acceso aos servizos, aos equipamentos, á administración, aos estudos, ao lecer...

Nos días que pasaron desde este segundo peche da fronteira volveuse erguer un auténtico clamor social e institucional para pedir a apertura de máis pasos fronteirizos tanto no Miño como ao longo da raia, para evitar tanto o efecto funil que se produciu nos poucos pasos habilitados, principalmente no caso da ponte internacional de Tui, como sobre todo para evitar os trastornos para miles de persoas traballadoras que se teñen que desprazar centos de quilómetros e perder tempo e diñeiro para ir aos seus postos de traballo.

Por outra parte, tanto o parlamento galego como a cimeira hispano-portuguesa da Guarda do pasado mes de outubro aprobaron a posta en marcha dunha tarxeta de mobilidade transfronteiriza, de maneira que se facilite a mobilidade tanto nestas circunstancias excepcionais como en condicións de normalidade.

Aliás, a reposición da fronteira, os peches perimetrais, as restriccións de mobilidade viñeron agravar o impacto da crise económica provocada pola COVID no espazo transfronteirizo. A principal conclusión do estudo do impacto socioeconómico encargado polo AECT Rio Miño á Universidade de Vigo é que o primeiro confinamento e o peche da fronteira entre a provincia de Pontevedra e Portugal na primeira vaga da pandemia, entre o 17 de marzo e o 30 de xuño de 2020, provocou unha caída do Produto Interior Bruto de máis de oitenta millóns de euros nos 26 concellos do territorio transfronteirizo do Miño. A caída derivada do efecto fronteira no comercio foi dun 14,18% sobre o efecto do confinamento, e na hostalaría e restauración foi dun 16,53%.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O prexuízo económico do actual peche será aínda moito maior, polos efectos acumulativos, polo deterioro socioeconómico previo, e polo dobre impacto que ten a pandemia neste territorio debido á reposición da fronteira.

O antedito fai necesario que se poñan en marcha tanto medidas compensatorias como un plan específico de reactivación económica da zona co obxectivo de captar investimentos extraordinarios de fondos comunitarios do Next Generation e do marco plurianual 2021-2027.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao goberno español e ao portugués para que, sempre que se decrete un peche de fronteiras, se estableza a apertura do maior número posíbel de pasos entre Galiza e Portugal, nomeadamente naquelas zonas con maior dinamismo e interrelación, para facilitar a mobilidade de traballadores e traballadoras consideradas esenciais, para evitar longos desprazamentos aos postos de traballo e para evitar o efecto funil.

2. Demandar aos gobernos español e portugués a implantación efectiva da tarxeta de mobilidade transfronteiriza, en cumprimento do acordo do parlamento galego e da cimeira hispano luso da Guarda.

3. Promover a realización dun estudo, en colaboración co sistema universitario galego, para coñecer o dobre impacto da COVID e do peche de fronteira nas actividades económicas dos concellos transfronteirizos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Impulsar medidas específicas de compensación económica para a poboación traballadora e para os sectores económicos directamente afectados polo peche da fronteira e polas dificultades para a mobilidade, demandando a dotación de fondos extraordinarios por parte dos estados e da UE ao abeiro do Plan europeo de recuperación Pos-COVID (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027.

5. Promover a posta en marcha dun Investimento Territorial Integrado de carácter Transfronteirizo (ITI) concertado entre ambos países e dotado financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, como instrumento para a reactivación económica e o desenvolvemento deste territorio dobremente afectado pola COVID e polo impacto da reposición da fronteira.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2021 09:54:17

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2021 09:54:27

Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2021 09:54:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Xulgado de garda da Coruña, situado no soto do edificio dos xulgados de Instrución da Coruña, sitos na rúa Capitán Juan Varela, presenta numerosas deficiencias que provocan que non se cumpra nin de lonxe a garantías que a lei prevé tanto para os traballadores como para as vítimas de delitos.

Así, facendo unha enumeración destas carencias, destacamos as seguintes:

- Este xulgado carece de sala de agarda para as vítimas de delitos, no seu defecto hai na entrada uns bancos para facer a espera.
- Non existen servizos públicos, polo que os usuarios, en caso de necesidade, teñen que usar os servizos privados dos e das funcionarias.
- Non conta este xulgado con sala de vistas, tendo que celebrarse as mesmas nas salas dos xulgados de Instrución sitas na 3ª planta.
- Non conta o edificio con prazas de aparcamento para os funcionarios que prestan o servizo de garda.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia como administración competente ten que facer o investimento necesario para que este xulgado poda cumprir os requisitos mínimos para dar un tratamento de calidade e digno a tódolos/as usuarios/as, así como garantir que o espazo de traballo dos profesionais traballadores da administración de xustiza é axeitado para desempeñar a súa función.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar as instalacións xudiciais existentes no Xulgado de garda da Coruña, para garantir a súa seguridade, privacidade e dignidade.
En concreto as seguintes actuacións:
 - Habilitación dunha sala de espera diferenciada, que garanta a privacidade das vítimas.
 - Creación duns servizos públicos para persoas usuarias do xulgado.
 - Habilitación dunha sala de vistas que conte con sistema de gravación.
 - Estableza unha reserva de 8 prazas de aparcamento para as persoas funcionarias durante o servizo de garda.

Pazo do Parlamento, 22 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/04/2021 10:24:06

Pablo Arangüena Fernández na data 22/04/2021 10:24:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/04/2021 10:24:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento, no mes de abril de 2021, da preocupación existente na poboación de Castrelo do Val, na comarca de Monterrei, diante da posibilidade de que a Xunta de Galiza puidese reducir ou eliminar o servizo médico do Centro de Saúde existente na localidade, na rúa do Toural.

Nos últimos meses o Sergas reduciu, eliminou ou deixou sen cobertura diferentes prazas en poboacións rurais como Leiro, Barbantes ou Viana do Bolo, recuperando algúns servizos só cando a poboación protestou, polo que as alertas da veciñanza non deixan de aumentar.

Cómpre sinalar que a poboación de Castrelo do Val ten, como é característico da zona de Monterrei e de Ourense, unha alta taxa de poboación avellentada, o cal ten como consecuencia a prevalencia de perfís pluripatolóxicos cuxa condición impide habitualmente o seu fácil desprazamento e implica habitualmente unha asiduidade aos servizos médicos e a necesidade de seguimento do paciente por riba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do que adoitan precisar outros perfís. Polo tanto, é preciso garantir unha atención próxima e para evitar desprazamentos maiores, xa que no caso das persoas que viven nas zonas máis altas, como Campobeceros, xa son importantes.

Ata o momento este centro de saúde é atendido por un médico e por un enfermeiro e a poboación do concello é de 958 persoas segundo os datos oficiais de poboación a 01/01/2020 do Instituto Galego de Estatística. Polo tanto, o lóxico sería que a Xunta de Galiza mantivese este servizo médico con todas as garantías e non obrigase á veciñanza a se desprazar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a comprometer o mantemento dos servizos sanitarios do Centro de Saúde de Castrelo do Val garantindo a non redución do horario de atención e comprometéndose a aumentar a carteira de servizos co obxecto de atender as necesidades crecentes da poboación avellentada. Para isto, ao abeiro do impulso dun novo sistema de atención primaria incorporará, en coordinación coa atención primaria e hospitalaria da contorna, equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación e ofertar servizos como a terapia ocupacional, a fisioterapia ou a psicoloxía clínica.”

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2021 12:01:26

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2021 12:01:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2021 12:01:44

Iria Carreira Pazos na data 22/04/2021 12:01:55

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2021 12:02:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativas á decisión unilateral da Xunta de Galiza de reducir camas de hospitalización no Complexo Hospitalario de Ourense coa desculpa da ampliación da UCI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 16 de abril a Comisión de Centro do CHUO informaba da decisión unilateral da Xunta de Galiza e da Xerencia de reducir ata 22 camas de hospitalización e chamaba á cidadanía a mobilizarse o pasado 20 de abril para amosar o seu rexeitamento. A coartada trasladada por parte da Xerencia ás e aos traballadores é que se procederá ás obras de ampliación da UCI e que para iso se pecha a planta enteira 4ª dereita do materno, que ata o momento reforzaba a atención hospitalaria de medicina interna e de cardiología.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos manifestado a nosa preocupación pola situación e evolución da capacidade asistencial do Complexo Hospitalario de Ourense e a necesidade de reforzar a UCI de forma estábel aumentando a súa capacidade. Porén, isto non pode facerse a costa doutros servizos nun momento como o que vivimos, no que dunha banda a pandemia continúa e doutra é necesario reforzar o sistema para atender consultas e intervencións pendentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, pechar entre 22 e 24 camas coa desculpa dunhas obras para aumentar 8, que nin sequera sabemos se chegarían a tempo para unha cuarta onda é un disparate.

Cómpre lembrar que na vaga do outono vimos como xa en outubro se trasladaban pacientes a outros hospitais e se cancelaban operacións. Así mesmo, en novembro habilitáronse ata 9 camas en quirófanos mentres se seguían derivando doentes a outros hospitais, polo que é evidente que o reforzo non chegaba onte e non ía chegar nesta nova vaga. Neste sentido, desde esta organización así como desde diferentes colexios profesionais reclamouse desde comezos de 2021 un reforzo de persoal e espazos.

Na semana do 21 de xaneiro os medios de comunicación informaban novamente do aprazamento de operacións e a fin de semana do 23 de xaneiro o señor Félix Rubial, xerente da área, afirmaba nunha entrevista dominical que o CHUO xa habilitara novamente aquelas 9 camas. Sorprende que falando de contactos “explosivos” e tendo en conta as características poboacionais de Ourense non se previran máis medidas, mais resulta aínda máis sorprendente que os medios de comunicación volvan informar os días 9 e 10 de febreiro da habilitación de quirófanos como espazos para camas covid.

No mes de abril os datos comezaron a mellorar mais a Xunta de Galiza non fixo ningunha consulta previa ao cadro de persoal sobre as necesidades cando nalgúns casos, como no servizo de reanimación, levan anos solicitando reforzo de persoal para cumprir as ratios esixidas. Esta é a tónica habitual da xerencia ourensá, dar conta simplemente de decisións tomadas, mais non é o desexábel para un persoal que está absolutamente esgotado, exhausto e que non pode máis diante da política laboral da Xunta de Galiza.

Entendemos, polo tanto, que estas cuestións deben ser reconducidas, planificadas e explicadas, xa que a Xunta de Galiza segue ocultando o Plan de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Continxencia do Hospital e a alarma social aumenta. É necesario ampliar a UCI, mais non pode facerse en detrimento doutros servizos que poderían recolocarse noutras plantas do Complexo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender as demandas da Comisión de Centro do CHUO e a:

1. Informar ao cadro de persoal, singularmente ao persoal intensivista e de REA, da previsión de obras e do proxecto, de cara a recabar suxestións sobre o acondicionamento e necesidades de persoal.

2. Comprometer que as obras de ampliación da UCI non implique a supresión de 22 camas hospitalarias, que serán realoxadas como unha unidade nova nalgunha das plantas libres do complexo, nin deixar de contratar ata 25 profesionais de enfermaría, auxiliares e persoal celador.

3. En tanto non se desenvolva o punto 2, que as persoas desprazadas do 4º Andar do Edificio Cristal cubrirán as necesidades dos Servizos máis deficitarios tantas veces denunciados pola Comisión de Centro (de forma máis urxente, Reanimación, Medicina Interna).

4. Contratar o persoal sanitario preciso para desenvolver as actuacións garantindo os seus dereitos laborais e unha contratación estable.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2021 12:23:09

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2021 12:23:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2021 12:23:31

Iria Carreira Pazos na data 22/04/2021 12:23:40

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2021 12:23:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativas ao impacto económico do peche fronteirizo de Galiza con Portugal en xeral e da zona de Ourense e a fronteira Chaves-Verín en particular.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias máis visíbeis no ámbito das medidas arbitradas para a prevención e protección sanitaria durante a pandemia da covid-19 é o peche de fronteiras internacionais. Esta cuestión afecta de forma singular ao sur do noso país e ten un impacto na vida das persoas mais tamén no ámbito económico. Estas repercusións deben ser atendidas de forma suficiente por parte da Xunta de Galiza para defender os intereses destas poboacións.

Compartindo a necesidade de tomar medidas para a contención do virus, o certo é que nesta cuestión concreta resulta evidente que tanto o goberno español coma o goberno portugués actuaron sen ter en conta a realidade singular desta zona fronteiriza e as diferentes demandas desde os ámbitos municipal, das Eurociudades, etc.

Na procura de iniciativas positivas para resolver algúns dos problemas derivados desta cuestión, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego impulsou xa no inicio da lexislatura unha proposta, aprobada por unanimidade tras unha transacción co Partido popular, para impulsar unha “tarxeta transfronteiriza” para aquelas persoas que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

habitualmente se desprazan a Portugal por motivos laborais, de estudos ou de acceso a servizos, diante da previsión de novos peches. O acordo tamén contemplaba impulsar diante dos gobernos español e portugués o estudo de fórmulas para evitar os efectos negativos no paso da fronteira por motivos de saúde pública. Porén, a realidade é que os problemas continúan.

Así as cousas, o pasado 1 de febreiro entrou en vigor un novo peche de fronteiras sen que contemple medidas que combinen as precaucións sanitarias cunha racionalización na súa aplicación, e está a ser desenvolvida cun absoluto descoñecemento da situación real no territorio transfronteirizo, o que está a provocar fortes impactos engadidos, en custos económicos, de tempo, de impacto psicolóxico, etc.

O pasado 19 de abril, a Eurocidade Chaves-Verín -Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT)-, emitía un comunicado no cal informaba de que se solicitara novamente das entidades españolas e portuguesas unha solución urxente ao problema de mobilidade, que foi respaldado pola veciñanza con protestas no paso fronteirizo de Feces de Abaixo (Verín) e Vila Verde da Raia (Chaves). Na mesma liña tamén se pronunciou a Asociación de Empresarios de Verín, sinalando que a afectación non prexudica unicamente as poboacións máis próximas á fronteira senón a un conxunto de sesenta mil habitantes. É necesario ter en conta os peores indicadores económicos e poboacionais da zona transfronteiriza ourensá e ter instrumentos para avaliar o verdadeiro impacto destas medidas, así como impulsar actuacións para compensalas.

Anteriormente vivíronse mobilizacións respecto do paso de Manzalvos e os gobernos das localidades tamén se fixeron eco deste clamor social. Así mesmo, as localidades máis próximas á costa tamén levan meses mobilizándose e mesmo a AECT





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rio Miño solicitou un estudo económico á Universidade de Vigo que é ilustrativo do grande impacto desta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover a realización dun estudo, en colaboración co sistema universitario galego, para coñecer o dobre impacto da COVID e do peche de fronteira nas actividades económicas dos concellos transfronteirizos de todo o país.

2. Impulsar, mediante fondos propios, medidas específicas de compensación económica para a poboación traballadora e para os sectores económicos directamente afectados polo peche da fronteira e polas dificultades para a mobilidade.

3. Demandar a dotación de fondos extraordinarios por parte dos estados e da UE ao abeiro do Plan europeo de recuperación Pos-COVID (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027 e promover a posta en marcha dun Investimento Territorial Integrado de carácter Transfronteirizo (ITI) concertado entre ambos países e dotado financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, como instrumento para a reactivación económica e o desenvolvemento deste territorio dobremente afectado pola COVID e polo impacto da reposición da fronteira.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2021 13:03:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2021 13:03:42

Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2021 13:03:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 foron moitas as actividades sociais e económicas que se paralizaron. Non foi o caso da relacionada co sector do mar, que se considerou esencial e que permaneceu, pese ás dificultades, abastecendo de alimentos dende aquela.

Os traballadores e traballadoras do mar padeceron e padecen aínda as graves consecuencias daquela decisión e, dende o punto de vista sanitario, enfrontáronse dende o primeiro momento á escaseza de materiais e equipos de protección contra o virus.

Subsanada esa eiva e tomadas as decisións en canto aos colectivos máis prioritarios, as condicións nas que traballa o sector débense ter en conta á hora da vacinación: Alto nivel de contactos interpersoais habitual, espazos laborais reducidos, imposibilidade de manter distancias de seguridade, inexistencia de camarotes estancos de tripulantes con síntomas, imposibilidade de hixiene constante de mans, etc.

De feito, durante este tempo foron moitos os que contraeron o virus e os que se viron na obriga de pasar a corentena a bordo, amarrados a porto e non sempre nas mellores condicións para a súa curación e para evitar os contaxios a outras persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De aí que numerosos colectivos, dende organizacións sindicais ata armadores e mesmo a Organización Marítima Internacional (OMI) veñan reclamando que a súa esencialidade sexa tida en conta á hora da vacinación contra o virus, xa que é imposible que se podan garantir a bordo dos buques as medidas preventivas básicas para atallalo.

A situación actual, sen aínda terse tomado ningunha decisión nese sentido está a provocar un malestar que medra día a día, máxime despois de que tanto a Consellería de Sanidade como a do Mar non teñan nin sequera respostado ás súas demandas.

A indignación agravouse despois de que a Consellería do Mar anunciase, onte mesmo, que a vacinación se levaría a cabo en breves datas e, hoxe, desmentía esa afirmación facendo responsábel unicamente ao Ministerio de Sanidade.

Non sorprende este comportamento habitual de evadirse do cumprimento das responsabilidades propias por parte da Xunta de Galiza, mais chegados a este punto só sona a escusa e a atranco que non permite que se leve a cabo o que debera ser o obxectivo fundamental: A vacinación inmediata dun sector que está exposto a unhas condicións de traballo que poñen en risco a súa saúde e a dos demais diariamente.

A Xunta de Galiza ten competencias propias en materia de sanidade. Pode, polo tanto, actuar se o considera conveniente e así o teñen feito xa outras comunidades autónomas, o que fai aínda máis inverosímil a actitude do goberno galego e as declaracións da Consellería do Mar.

A día de hoxe hai numerosos mariñeiros galegos que conviven laboralmente cos mariñeiros vascos aos que o seu goberno xa ten vacinados, o que está a crear unha crecente incomodidade nos buques nos que comparten actividade que non se xustifica de ningún xeito e moito menos se se ten en conta o que representa cuantitativamente o sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno da Xunta a levar a cabo con urxencia a vacinación do colectivo de traballadoras e traballadores galegos do mar.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2021 15:54:45

María do Carme González Iglesias na data 22/04/2021 15:54:54

Daniel Castro García na data 22/04/2021 15:55:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2021 15:55:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda do Plan de Dinamización da Lectura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de maio de 2018 o Secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, explicaba en sede parlamentaria as principais liñas de actuación que desde a Consellería se estaban a implementar co obxectivo de “reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía; favorecer o crecemento da nosa industria editorial e impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega”.

Para alén de accións de intervención puntual e parcialmente sectorizadas, o secretario xeral de Cultura anunciaba a elaboración dun Plan de dinamización da lectura para “impulsar o libro como un elemento estratéxico de mercado e un piar central das industrias culturais galegas”.

A nota de prensa da web da Consellería de Cultura informaba que o secretario xeral anunciaba “para principios do mes de xuño unha nova reunión do grupo de traballo específico para a dinamización da lectura, creado ao abeiro do Consello Asesor do Libro e que está a elaborar propostas de actuación para avanzar no fomento do hábito lector entre a cidadanía. Estas propostas chegarán o vindeiro mes de xullo ao próximo Consello Asesor do Libro, para a súa valoración, e a versión definitiva será un dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentos de partida do grupo de traballo da Estratexia da Cultura Galega dedicado ao libro”.

Un proxecto tan agardado como ben recibido, logo de estar comprometido polo goberno galego desde a aprobación da Lei do libro e a lectura en 2006 e que aínda, a día de hoxe, quince anos despois, segue sen ser unha realidade, malia as continuas demandas do sector do libro galego.

Para o BNG resulta incomprensíbel tanto desleixo do PP á hora de desatender e desenterderse dos valores colectivos que abrangue o sector do libro e a lectura en galego, despois dunha experiencia de goberno de doce anos ininterrompidos.

Cómpre un Plan de fomento da lectura integral que atenda o valor do libro desde a súa dimensión de ben cultural que cómpre preservar e promover, así como de ben económico que debe ser regulamentado e apoiado, garantindo que a súa produción, difusión e goce se realice consonte a súa condición de dereito cultural de todos os galegos e galegas e as esixencias de pluralismo e diversidade propios dunha sociedade libre.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a presentar, antes de finalizar o actual período de sesións, o Plan de dinamización da lectura integral, dialogado co sector do libro e que implique o conxunto da sociedade, onde se recollan os obxectivos e medidas de actuación, se determine a periodización e mais o orzamento necesario para o seu desenvolvemento.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2021 16:48:33

Daniel Castro García na data 22/04/2021 16:48:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/04/2021 16:48:51



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A nova desescalada implica o atraso do toque de queda ás 23.00 horas e os establecementos de restauración con licenza de restaurante poden optar por prestar servizos de cea ata dita hora.

Na publicación do DOG do 14 de abril de 2021 modifícase a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Un dos apartados que se modifican é o sétimo bis. Requisitos aplicables nos establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría:

Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría exclusivamente para o servizo de ceas, de acordo co establecido na Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán cumprir varios requisitos.

Requisitos como:

- Abrir ata as 23:00 horas.
- Ter licenza de actividade como restaurante.
- Operar con cita previa.
- Manter un rexistro dos clientes.
- Instalar medidores de CO2.



“Con moitas dúbidas e poucas reservas”. Así resumiron os hostaleiros o primeiro fin de semana de volta a ceas en restaurantes despois dos cambios nas restricións debidas ao covid-19 en Galicia. Os restaurantes poden abrir ata as 23:00 horas desde o 16 de abril, despois de máis de cinco meses sen facelo, pero con aforos de 50 % en interiores e 75 % en terraza e novas condicións para as ceas: ter licenza de actividade como restaurante, operar con cita previa e manter un rexistro dos clientes. Ademais, a partir do 23 de abril terán que garantir a calidade do aire cos medidores de CO2.

Estes novos requisito semellan ser incongruentes xa que para cear solicítase: ter licenza de actividade como restaurante, operar con cita previa e manter un rexistro dos clientes, e non para comer.

No rexistro dos clientes solicítase: nome, DNI e teléfono. Os hostaleiros atópanse aquí cun problema, non poden pedir o DNI porque non cumpren coa Lei de protección de datos.

Outro problema a maiores é o pouco tempo que deu a Xunta de Galicia para que os restaurantes instalen estes medidores de CO2. Unha semana é moi escasa para que os restaurantes instalen os dispositivos medidores de CO2 porque atopalos non é tan sinxelo, non está en calquera tenda de electrodomésticos. Estes aparatos, na maioría das poucas tendas que os venden xa están esgotados. Ademais de ser un gasto a maiores ó que hai que engadir ós gastos, do alugueiro do local, os consumos de luz, auga, gas ou os gastos con provedores.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

1. Ampliar o prazo da obriga de utilización de dispositivos medidores de CO2 na hostalería na medida que haxa stocks no mercado.
2. Explicar en que criterios sanitarios baseouse para ampliar ata ás 23:00 horas a apertura só dos restaurantes e non doutros locais de hostalería.
3. Explicar cales son os criterios sanitarios para solicitar uns requisitos á hora de cear e outros na comida.

Pazo do Parlamento, 20 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/04/2021 17:15:47

Martín Seco García na data 22/04/2021 17:15:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/04/2021 17:16:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, e deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro do 2020 tivo lugar a constitución da mesa negociadora do convenio colectivo da Limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña, despois de 1 ano desde a denuncia por parte das centrais sindicais.

A día de hoxe, despois de 4 reunións presenciais e 3 telemáticas, a patronal traslada unha proposta que a representación legal do persoal considera inasumíbel, por esixir a renuncia á xubilación parcial e ao dereito individual a ampliar a xornada de traballo en caso de vacantes e ampliacións a cambio dun ridículo 0,8% de suba salarial a partir do ano 2021.

Arredor dun 95% do persoal do sector de limpeza son mulleres, na súa inmensa maioría con contratos a tempo parcial. Esta parcialidade é a nota esencial que condiciona retribucións, prestacións, xubilación, e condicións de traballo e de vida do persoal que presta servizos no sector.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, as retribucións percibidas non superan na maior parte dos casos o Salario Mínimo Interprofesional, malia dedicar todo o día a realizar a xornada de traballo, cambiando de empresa e de centro de traballo, e asumindo pola súa conta o tempo e o custe dos desprazamentos. E polo mesmo motivo a posibilidade e as condicións de xubilación son absolutamente precarias.

Retribucións, xubilación parcial, e dereito a aumentar a xornada nos casos de vacantes ou ampliación da xornada contratada, que centran as discusións da mesa de negociación do convenio, na que por parte da patronal teñen maioría as grandes empresas contratistas das administracións públicas, como EULEN ou CLECE, do grupo ACS.

Neste sentido fronte outros sectores nos que a crise sanitaria derivou nunha grave crise económica, como os da hostalería ou do comercio, a patronal de limpeza viu como se incrementaba a súa facturación ao converterse nun sector esencial na loita contra a pandemia e reforzarse os traballos de desinfección tanto nos locais públicos como nos privados.

Precisamente son as administracións públicas as principais clientes e receptoras finais dos servizos de estas empresas, entre as que salienta a Xunta de Galiza, que non so ten un peso específico tanto no volume do servizo contratado, como nos criterios e condicións nos que este debe prestarse, senón tamén, en canto que autoridade gobernativa, na determinación dos protocolos de desinfección esixibles pola pandemia, e dos servizos mínimos que deben atenderse durante as recentes convocatorias de folga.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“1. O Parlamento de Galiza acorda por resolución manifestar que os obxectivos sindicais na negociación do convenio de Limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña son proporcionados e congruentes coa dignificación de aquelas ocupacións máis feminizadas, e polo tanto coa defensa da igualdade que debe guiar a acción de goberno da Xunta de Galiza.

2. O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar unha rolda de contactos coa patronal do sector, e con aquelas grandes contratistas públicas a título individual, para, chamándoas a aceptar as demandas sociais, asinar o convenio colectivo no prazo máis breve posíbel.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 22/04/2021 17:10:37





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 22/04/2021 17:10:46

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2021 17:10:55

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2021 17:11:03



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 6ª; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos:

A principios do mes de marzo, a Ministra de Industria, Comercio e Turismo Reyes Maroto, anunciou o Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22, co que segundo as súas palabras se pretende reforzar o desenvolvemento e consolidación do produto turístico Xacobeo dende unha perspectiva de sustentabilidade, inclusiva, dixital, de calidade e segura, en definitiva, unha aposta polo modelo turístico que queremos para o futuro. Amais, este plan é un produto único que fortalecerá a nosa imaxe de destino turístico internacional”.

En dita presentación, simplemente se falou de liñas xerais, sen entrar ao detalle das mesmas, nin no contido, nin moito menos nas partidas orzamentarias específicas para o Xacobeo 2021-2022.

Outro punto a subliñar da presentación foi a falla de participación das comunidades autónomas, ás que non se lle dou quenda de intervención para presentar as súas impresións e suxestións.

O goberno galego xa pediu no seu momento que deberían especificarse partidas concretas que demostren o compromiso real do goberno central cara ao Ano Santo.

Con respecto aos beneficios que terá para Galicia, a Xunta quere converter esta celebración en algo extraordinario e único, de repercusión internacional, que supoña unha palanca de actividade económica e impulse a nosa promoción no exterior. O Xacobeo 2021-22 debe significar unha oportunidade para fomentar a nosa cultura, coidar a nosa paisaxe e promover o noso talento. Un acontecemento que atraerá



recursos e estimulará a nosa economía, especialmente a dos territorios rurais por onde pasa o camiño.

O Xacobeo 2021-22 constituirá, ademais, unha oportunidade única para crear comunidade local, cohesión e sentimento de orgullo entre as galegas e os galegos, e cos peregrinos do resto do mundo.

En resumo, o vindeiro Xacobeo será celebración, pero concibida tamén como oportunidade para trazar o camiño da Galicia da próxima década. Un acontecemento memorable que busca deixar a súa propia pegada. Será, ante todo, un Xacobeo pensado para que perdure o seu legado coa vista posta no vindeiro Ano Santo, o de 2027.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

1. Que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para o deseño do Plan de Turístico Nacional Xacobeo 21-22, conte ca participación das CCAA, dentro das súas competencias no ámbito turístico, para a concreción de accións e para a aplicación de recursos económicos para os anos 2021-2022
2. Que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo se comprometa a facer a presentación oficial do Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22 na Comunidade Autónoma de Galicia.”

Santiago de Compostela, 22 de abril 2021.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/04/2021 17:45:11

Borja Vereza Fraiz na data 22/04/2021 17:45:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/04/2021 17:45:34

Cristina Sanz Arias na data 22/04/2021 17:45:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 22/04/2021 17:45:58

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/04/2021 17:46:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/04/2021 17:46:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/04/2021 17:46:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O bono turístico Quedamos en Galicia que publicou o Diario Oficial de Galicia o 13 de abril esgotouse en poucas horas debido ao aluvián de solicitudes e a improvisación do Goberno autonómico.

O bono turístico persegue estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servicios e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Para facer a solicitude en liña precisábase a coñecida como Chave365, unha contrasinal que a Xunta de Galicia promoveu para realizar trámites sanitarios, administrativos ou educativos. Os centros de saúde están autorizados a xestionar esta Chave365, pero só por motivos de saúde. Pero nos últimos días están a recibir unha enchenta de xente que vai ó centro de saúde para que se lle axude a tramitar esa clave para solicitar o bono turístico.

Esta situación non está sentando nada ben aos e ás profesionais da atención primaria, ás persoas traballadoras sanitarias ou ao persoal administrativo. Están saturados polas dúcias de chamadas ás que teñen que atender todos os días por parte de persoas con dúbidas sobre as vacinas ou porque non entenden as mensaxes de texto que se envían para convocalas para a inxección. Tamén teñen que facer todos os trámites e seguimentos coas persoas infectadas pola covid-19 nas súas casas. E agora teñen colas de xente que quere que lle tramiten o bono turístico da Xunta de Galicia.

Os ambulatorios quéixanse por ter que afrontar cada vez máis tarefas nunha situación como a actual, tamén por facelo con menos persoal. Porque, por exemplo, as enfermeiras de Atención Primaria teñen que saír todos os días a



poñer vacinas na casa ou se lles pide que administren vacinas masivas nos grandes recintos.

Nos últimos días, debido ás solicitudes para solicitar a Chave365 para obtención do bono turístico, víronse colas máis longas do habitual ás portas dos centros de saúde.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista demandamos á Xunta de Galicia a poñer unha solución de inmediato a este problema e así non saturar con esta solicitude os ambulatorios e o seu persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que arranxe, de maneira urxente, o problema que existe nos centros de saúde debido á Chave365 que é precisa para solicitar o bono turístico Quedamos en Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/04/2021 18:01:51

Martín Seco García na data 22/04/2021 18:01:56

Julio Torrado Quintela na data 22/04/2021 18:02:06

Marina Ortega Otero na data 22/04/2021 18:02:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/04/2021 18:02:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O bono turístico Quedamos en Galicia que publicou o Diario Oficial de Galicia o 13 de abril esgotouse en poucas horas debido ao aluvián de solicitudes e a improvisación do Goberno autonómico.

O bono turístico persegue estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Para facer a solicitude en liña precisábase a coñecida como Chave365, unha contrasinal que a Xunta de Galicia promoveu para realizar trámites sanitarios, administrativos ou educativos. Os centros de saúde están autorizados a xestionar esta Chave365, pero só por motivos de saúde. Pero nos últimos días están a recibir unha enchenta de xente que vai ó centro de saúde para que se lle axude a tramitar esa clave para solicitar o bono turístico.

Esta situación non está sentando nada ben aos e ás profesionais da atención primaria, ás persoas traballadoras sanitarias ou ao persoal administrativo. Están saturados polas dúcias de chamadas ás que teñen que atender todos os días por parte de persoas con dúbidas sobre as vacinas ou porque non entenden as mensaxes de texto que se envían para convocalas para a inxección. Tamén teñen que facer todos os trámites e seguimentos coas persoas infectadas pola covid-19 nas súas casas. E agora teñen colas de xente que quere que lle tramiten o bono turístico da Xunta de Galicia.

Os ambulatorios quéixanse por ter que afrontar cada vez máis tarefas nunha situación como a actual, tamén por facelo con menos persoal. Porque, por exemplo, as enfermeiras de Atención Primaria teñen que saír todos os días a



poñer vacinas na casa ou se lles pide que administren vacinas masivas nos grandes recintos.

Nos últimos días, debido ás solicitudes para solicitar a Chave365 para obtención do bono turístico, víronse colas máis longas do habitual ás portas dos centros de saúde.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista demandamos á Xunta de Galicia a poñer unha solución de inmediato a este problema e así non saturar con esta solicitude os ambulatorios e o seu persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que arranxe, de maneira urxente, o problema que existe nos centros de saúde debido á Chave365 que é precisa para solicitar o bono turístico Quedamos en Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de abril do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/04/2021 18:02:41

Martín Seco García na data 22/04/2021 18:02:46

Julio Torrado Quintela na data 22/04/2021 18:02:57

Marina Ortega Otero na data 22/04/2021 18:03:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/04/2021 18:03:12



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

